



Revista da Rede Galega de Teatros e Auditorios
e da Rede Galega de Salas

Nº 7 / XANEIRO 2010

MATARILE TEATRO

...aberto por paixón

***Super8*, de Voadora**

A memoria como dramaturxia da vida

Ernesto Chao

Sobre todo, teatro

Títeres Trompicallo

presenta *Violeta Coletas contra
as salchichas Gulp!*



as actas escuras

de Roberto Vidal Bolaño
Dirección **Xúlio Lago**

César Cambeiro Ricardo de Barreiro Ursia Gago Jouse García
Mónica García Teté García César Goldi Xoán Carlos Mejuto Fernando Morán
Xosé Manuel Oliveira «Pico» Rodrigo Roel Pepe Soto Agustín Vega Marcos Vieitez

Axudante de dirección: **María Armesto** Vestiario: **La Canalla** Música: **Manuel Riveiro**
Deseño de luces: **Xúlio Lago, Antón Arias Marsal** Espazo escénico e atrezzo: **Rodrigo Roel**

Salón Teatro

Santiago de Compostela
Venres 22 e 29 de xaneiro
e 5 de febreiro ás 20.30 h.

Sábados 16, 23 e 30 de xaneiro
e 6 de febreiro ás 20.30 h.

Domingos 17, 24 e 31 de xaneiro
e 7 de febreiro ás 18.00 h

O CDG en xira:

Febreiro

Narón, no Pazo da Cultura: venres 19 e sábado 20
O Barco de Valdeorras, no Teatro Lauro Olmo: venres 26

Marzo

Tui, no Teatro Área Panorámica: venres 5
Vigo, no Centro Cultural Caixanova: mércores 17
A Coruña, no Teatro Rosalía: venres 19 e sábado 20
Ourense, no Teatro Principal: venres 27 e sábado 28

Abril

Ferrol, no Teatro Jofre: sábado 3

www.centrodramatico.org



XUNTA
DE GALICIA

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais



XACOBEO 2010
Galicia

Temos diante de nós 523 ocasións para gozar da nosa cultura e para beneficiármolos da nosa condición de espectadores; a mesma cantidade de ocasións que de funcións de teatro, danza, maxia e música que nos agardan nos nosos teatros e salas escénicas entre xaneiro e xuño deste 2010 dentro da programación que promove e cofinancia a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC). A Rede Galega de Teatros e Auditorios e a Rede Galega de Salas suman unha vez máis a súa oferta de espectáculos, que ascende a 70 diferentes títulos de todos os estilos e representados nos escenarios por máis de 60 formacións artísticas.

PARAÍSO volve acompañar este extenso calendario de actividades, convidándonos a deixar caer a nosa ollada nunhas páxinas entregadas por completo á promoción dos nosos artistas e da nosa escena.

Comparece así este sétimo número da revista con protagonistas incuestionables do panorama artístico galego, como son, por exemplo, a compañía Matarile e a súa última proposta, *Cerrado por aburrimiento*, a nova creación de Ana Vallés e o seu equipo. Tamén nos achegaremos dun xeito un tanto diferente á figura de Ernesto Chao, un dos grandes do noso teatro, así como ao traballo de Voadora, o proxecto escénico que lideran Marta Pazos e Hugo Torres, que se atopa inmerso na súa triloxía *Lugares comúns*.

No apartado infantil amosamos desta volta a Títeres Tropicalllo e a súa exitosa *Violeta Coletas contra as salchichas Gulp!*, unha das mellores representacións do teatro de monicreques que se fai hoxe en día en Galicia.

A danza trátase neste número a través do espectáculo *Concerto desconcerto* da compañía Entremáns, coprodución do Centro Coreográfico Galego da pasada tempada que se revelou como unha novidosa peza canto á súa pretendida percepción por todos os sentidos corporais.

O labor continuo a prol da difusión cultural que se realiza desde A Coruña, co Teatro Rosalía Castro e o Fórum Metropolitano como espazos tan diferentes como complementarios, é o modelo de xestión escénica que pecha este *PARAÍSO*.

Polas catro provincias galegas viaxarán estas páxinas, ao tempo que se desenvolverán os nosos espectáculos. Benvidos todos e todas aos patios de butacas deste 2010.



Matarile Teatro

Cerrado por aburrimiento...
aberto por paixón 4-9

Super8, de Voadora

A memoria, dramaturxia da vida 10-13



Entrevista

Ernesto Chao 16-20

Comentario Roberto Pascual

Summa Artis, ou a inesgotable forza dos artesáns da escena 21



Programación xaneiro-xuño 2010 23-30

Soño e transformación

Violeta Coletas contra as salchichas Gulp!,
de Títeres Tropicalllo 32-35



Entremáns: Concerto desconcerto

Sentes o movemento? Escóitao... é danza! 38-41

Comentario Concha Pino

Teatro versus público 43



Historia e vida nos

escenarios da Coruña 44-47

Breves / Dende o paraíso 48-49

PARAÍSO é unha revista de información e promoción das actividades da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas que se distribúe de xeito gratuíto en espazos escénicos galegos.

EDITA: Axencia Galega das Industrias Culturais.

Consellería de Cultura e Turismo.

PRESIDENTE: Roberto Varela Fariña.

DIRECTOR: Juan Carlos Fernández Fasero.

CONSELLO DE REDACCIÓN: Marcelina Calvo, María Paredes, Ana Rosales.

COORDINACIÓN: Área de Comunicación da AGADIC.

TEXTOS: Moisés Álvarez, Pedro Solla, Maite Mosquera, Ana Rosales, Ana Miragaya.

COLABORAN NESTE NÚMERO: Roberto Pascual, Concha Pino.

REVISIÓN LINGÜÍSTICA: Ramiro Combo.

FOTOGRAFÍAS: Ovidio Aldegunde, Uqui Permui, Carlos Teles (Voadora), Santiago Vila (Tropicalllo), Begoña Bah (Entremáns), cesións de compañías e arquivo da AGADIC.

DIRECCIÓN DE ARTE, DESEÑO E MAQUETACIÓN: Uqui IIIII Cebra

Impresión: Litonor. Tiraxe: 9.000 exemplares

I.S.S.N.: 1887-8164 / D.L.: C 963-2007



AGADIC Rúa da Vesada s/n.

San Lázaro. 15703 Santiago de Compostela

Tel.: 981 577 126/28. Fax: 981 577 127

agadic@xunta.es / www.agadic.info

SOBRE O ESCENARIO, BAILARÍNS, ACTORES, UN NARRADOR, UN

CUBRIRNOS ANACOS DE SI MESMOS E DAS COUSAS QUE LLES IMPORTAN. UNHA COREOGRAFÍA ENTRE O TEATRO E DO AMOR, DO AMOR AO TEATRO, DO ABURRIMENTO E DE CANDO O TEATRO E O AMOR. CON CERRAR, PERO MANTÉN A PAIXÓN QUE LIGA A COMPAÑÍA AOS ESCENARIOS.



O pasado 27 de novembro estreouse no Teatro Rosalía Castro da Coruña *Cerrado por aburrimiento*, a última produción de Matarile Teatro. Ana Vallés dirixe de novo a compañía nunha peza que retoma o método de traballo, certos elementos de estilo e parte do elenco das súas últimas producións, para abordar cuestións como a creatividade, a identidade, o esgotamento, a resistencia, o traballo... “Nesta obra falamos desde a perspectiva que dá levar moitos anos na profesión”, di Ana Vallés. “En *Cerrado por aburrimiento* hai unha loita contra o costume, contra a tradición, contra o que está imposto, contra o que se espera de ti”. É tamén unha obra sobre o amor e sobre o teatro: “Todo está contado desde o que somos nós e o que facemos, por iso o teatro está aí”, explica Vallés. E é

“En ‘Cerrado por aburrimiento’ hai unha loita contra o costume, contra a tradición, contra o que está imposto, contra o que se espera de ti”

unha obra para falar, en fin, do aburrimiento: “Está visto como algo abstracto, pero tamén desde o noso facer teatral, no que pode darse unha situación de aburrimiento prevista”, reflexiona a directora.

Na súa produción número 26, Matarile mantén a base do seu equipo habitual. Baltasar Patiño volve asumir a escenografía e produción musical, e comparte con Miguel Muñoz a responsabilidade da iluminación. Ana Vallés conta de novo con Nuria Sanz como axudante de dirección, papel que xa desempeñara en *Animales artificiales*. Desta obra repite boa parte do elenco: ademais da propia Ana Vallés, recuncan Mónica García, Mauricio González, Ricardo Santana e José Campanari. A eles súmanselles Xan Cejudo e Alba Fernández.

O equipo de Matarile Teatro constrúe *Cerrado por aburrimiento* a partir de linguaxes e elementos escénicos diversos. Todo conta, e nada ocupa un lugar secundario. O sorprendente traballo de iluminación enfoca un escenario de aparencia desordenada sobre o que se moven os personaxes e as súas voces. Soan Migala e o *Bolero* de Ravel, a viola de Alba Fernández confúndese coa música enlatada e todos cantan e bailan ao son de *I Will Survive*. Ana Vallés é a responsable da maior parte dos textos, que funcionan como punto de arranque para as achegas que logo fai cada un dos intérpretes. Súmanse á función as palabras de Séneca, Rilke, Shakespeare e Pessoa.



O resultado é unha obra coral, tanto nos elementos escénicos como no protagonismo dos actores e actrices. Como nun concerto de jazz, o peso escénico e a atención do público vai pasando dun a outro intérprete. Cada un deles soa dunha maneira distinta, porque os sete proveñen de disciplinas diferentes: a danza, a *performance*, a música ou o teatro de actor. Ana Vallés defende esta “paleta de cores” como un “bo impulso á hora de traballar. Non hai unha dirección única, senón unha variedade que é a que vivimos na vida cotiá. Se todos viñésemos da mesma idea artística, non habería ese estímulo de ter que entendernos con outros que non teñen a mesma linguaxe”, apunta a directora.

Como nun concerto de jazz, o peso escénico e a atención do público vai pasando dun a outro intérprete. Cada un deles soa dunha maneira distinta

Alba Fernández é actriz e intérprete musical. Xan Cejudo ten unha longa traxectoria como actor de teatro, cine e televisión. Ana Vallés non abandona no escenario o seu papel de directora e creadora do espectáculo. Mónica García, Mauricio González e Ricardo Santana proveñen do campo da danza contemporánea e da *performance*. José Campanari é dramaturgo, actor e narrador. O propio Campanari explica que esta diversidade de procedencias e estilos interpretativos estimula a creatividade dos actores: “Exíxeche ter en conta cousas nas que non repararías se traballases sempre da mesma maneira. Hai un desconcerto, pero como contrapartida sabes que pode pasar calquera cousa”.

Ese desconcerto produtivo é o que busca o método de traballo cos actores e actrices en Matarile, baseado na improvisación a partir das personalidades dos intérpretes. Explícao Ana Vallés: “Teño unha serie de textos e decido a quen llelos podo dar segundo o que está pasando e o que eles van dando. Dígolles ‘a isto que fas ti viríalle ben este texto ou tales movementos’. Non hai nada imposto pola miña parte, o que fago é provocar e propoñer”. O obxectivo é buscar personaxes sen unha máscara prestada, creados “a partir das persoas: as súas peculiaridades, as súas manías, as relacións que hai entre eles”, argumenta a directora.

aberto por paixón



Campanari experimentou este método en *Animales artificiales*. “Tal como se traballa con Ana, o que podería parecer un personaxe es ti en realidade. Esa personalidade que desenvolves ten que ver co estado en que te atopas no momento en que comezas as improvisacións. Es ti naquel momento, aínda que logo o depures esteticamente, o reelabores e o traballes no escenario”. Ana Vallés entende esta forma de traballar como unha aposta por unha comunicación máis sincera: “Se eu fose a espectadora, gustaríame que me falasen persoas reais, non personaxes ficticios”. O mesmo pensa da danza: “Un corpo ten que xerar o seu propio movemento para que eu o crea, porque se é imposto non vai ser orgánico, non o vou crer”.

“Hai certo prexuízo: cando alguén vai ver teatro contemporáneo, ponse moi sisudo na butaca e tarda moito en soltarse”

En *Cerrado por aburrimiento*, a busca formal non é incompatible co sentido do humor: desde o primeiro momento Matarile reta o público a relaxarse e rir. E non todos os públicos agardan iso do teatro de Matarile. “Hai certo prexuízo: cando alguén vai ver teatro contemporáneo, ponse moi sisudo na butaca e tarda moito en soltarse”, comenta Ana Vallés. Campanari cre que “canto máis adestrado como espectador está o público, máis difícil lle resulta dar o paso de dicir ‘isto é contemporáneo pero están pasando cousas que me poden facer rir’”.

Logo da estrea na Coruña, *Cerrado por aburrimiento* visitou en decembro do ano pasado Valladolid e Ferrol. En 2010 pódese ver o 29 e 30 de xaneiro en Compostela, o 19 de febreiro na Estrada, o 21 de febreiro en Ourense e o 15 de maio en Narón. En abril participará no Certame de Directoras de Escena, en Torrejón de Ardoz.



RAZÓNS PARA ABURRIRSE, RAZÓNS PARA SEGUIR

Hai 24 anos que Matarile Teatro estreou a súa primeira produción, *O cumpreanos da infanta*. Despois viñeron dúas ducías de montaxes, un bo feixe de premios e a oportunidade de amosar o seu traballo en festivais e salas de toda a Península e de cidades como Boloña, Dresde, Leipzig, Belgrado, París, Edimburgo ou Boston. Neste tempo a compañía abriu a sala Galán e puxo en marcha o festival En Pé de Pedra, dúas iniciativas fundamentais para a normalización das artes escénicas en Galicia. Nos dous casos, Matarile decidiu botar o cerre. É unha ameaza o título da última obra da compañía?

“Desde hai anos estamos na tesitura de deixar o teatro. En calquera situación da vida, non hai que ter medo a dicir que é o momento de parar. Hai que recoñecer ese momento e non deixarse levar por un costume do costume do costume. Un aférrase ao costume para vivir, porque é o que che dá a identidade”. De tomar as palabras de Ana Vallés ao pé da letra, a conclusión sería que esta obra é unha despedida. Pero Matarile mantén a paixón que os move a traballar polo teatro que queren. “Esta profesión faise por paixón ou por pasta, e nós por pasta non o facemos”.

Esa paixón imprescindible para seguir facendo teatro “non a podes manter ti só”, recoñece Vallés. “O teatro para min sempre foi un traballo en equipo. O que facemos non depende só de nós, depende dos axentes sociais que rodean o teatro: responsables culturais, programadores, xornalistas... Eles non son agora mesmo os nosos apoios, cando deberían selo”. Matarile quere traballar desde os seus propios presupostos estéticos, e non condicionada pola rendibilidade. É navegar contracorrente, contra a tendencia da que alerta Campanari: “Estase a traballar desde a demanda, que é o oposto ao artístico. Este é o ano de tal cousa e iso vaise vender. É unha maneira mesquiña de traballar artisticamente”.

Todo iso que rodea o feito teatral é o que a Matarile lle pode chegar a aburrir do teatro, algo que Ana Vallés recoñece que non é exclusivo das artes escénicas. “Orson Welles dicía que gastaba o 95% das súas enerxías en todo o que rodeaba a película, e só o 5% que lle quedaba en facer a película”. A directora e actriz considera que “en España temos desde hai anos unha situación social e cultural que non é favorable. Por iso falamos de resistir. Un acto creativo non pode darse en situacións de cansazo”.



SUPER8

DE VOADORA

O CINE COMO METÁFORA DA MEMORIA E A MEMORIA COMO TEATRO DO VIVIDO. SOBRE ESTA DOBRE PREMISA CONSTRÚESE *SUPER8*, A PRÓXIMA MONTAXE DE VOADORA EN COPRODUCCIÓN CO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO. A SEGUNDA ENTREGA DA TRILOXÍA *LUGARES COMÚNS* É UN ESPECTÁCULO CÓMICO E MUSICAL QUE MESTURA TEATRO, DANZA, MAXIA E MÚSICA EN DIRECTO. CON ELA, A COMPAÑÍA GALEGO-PORTUGUESA QUERE CONECTAR CUNHA AUDIENCIA AMPLA E HETEROXÉNEA SEN RENUNCIAR AO CONCEPTO DE LIBERDADE ARTÍSTICA QUE LEVA COMO MARCA DE IDENTIDADE.



A MEMORIA, DRAMATURXIA DA VIDA

Poñamos que a memoria é o cuarto no que almacenamos todas as vellas películas caseiras que fomos compilando ao longo da vida. Nos seus andeis amoréanse latas e máis latas de celuloide, en cada unha das cales se encerra un recordo noso: alí gárdase cada escena xa vivida. De acordo con isto, o acto de lembrar equivale a tirar unha película da súa lata, poñela a andar no proxector e sentar ante a pantalla para recuperar esa escena e vivila de novo.

Tal é o suposto que propón Voadora co seu próximo espectáculo, que percorrerá as táboas galegas a partir de abril. Claro que hai formas máis sinxelas de dicir o que é *Super8*: “É unha viaxe pola vida dunha persoa a través das súas lembranzas”. Quen así fala é Marta Pazos, directora da obra e un dos tres pés de Voadora, xunto con Hugo Torres e Jose Díaz. Nesa viaxe, cada etapa comeza ao abrir unha nova película de súper 8: en cada escena

representase o que esa película debера contar en imaxes ao ser proxectada sobre a saba branca.

Lembranzas diáfanas, falsos records, episodios para revivir centos de veces, outros que máis valese esquecer... A memoria é selectiva e ás veces traizoeira, pero é nosa. “Interesábanos falar da memoria porque é totalmente teatral”, explica Marta Pazos. “Cando contas un re-





cordo, estás facendo ficción: todos somos dramaturgos das nosas propias vidas”.

Teatro, memoria e cine son aquí tres espellos colocados en triángulo, nun xogo de referencias mutuas que non se detén porque *Super8* tamén é “un espectáculo sobre a paixón pola vida e a paixón polo cine, que está igualmente vinculado á memoria”.

Super8 é a segunda entrega de *Lugares comúns*, un tríptico que percorre presente, pasado e futuro como os tres estadios da construción da identidade dunha persoa. *PeriFeria*, montaxe coa que Voadora se estreaba como compañía, achegábase ao tempo presente para falar do fracaso persoal, en relación coa idea das expectativas non cumpridas e irradiando deste xeito unha lectura de orde xeracional. Agora, *Super8* muda o ton e bótase á comedia para dar voltas sobre o pasado e a súa necesaria actualización.

Con Marta Pazos, Hugo Torres e José Díaz, completan o elenco de intérpretes Uxía P. Vaello e Sergio Zearreta. Torres e Díaz compuxeron ademais a música orixinal. Trátase da primeira obra de Voadora que dirixe Marta Pazos e non unha persoa allea á compañía. Para iso contou con

Anabell Gago na asistencia de dirección e coa colaboración na dramaturxia de Roberto Leal, Natalia Outeiro “Pajarito” e Afonso Castro. Ao espazo escénico atendeu Sandra Varela e Cristovão Cunha, á iluminación.

Volta ao teatro

Como suma de lembranzas, a memoria é fragmentaria de seu. Como enfiar os recordos e artellar a dramaturxia? Neste caso, mantendo o compromiso coa nova creación, pero sen perder de vista o espectador. “Eu partía dunha construción dramática non lineal”, di Marta Pazos, “pero entre os tres decidimos manter unha liña narrativa que evitase que o público se perdese”. Ao cabo, tratábase de “contar unha historia”.

A xuízo de Hugo Torres, ese afán de liberdade artística foi un dos motivos que levaron a Voadora a constituírse en compañía. Con todo, en *Super8* ese elemento combinouse co que el chama “volta ao teatro”. “Unha das cousas das que estou máis satisfeito é que logramos respectar a intención inicial de volver á narrativa clásica, mais sen deixar atrás a nosa aposta pola creación artística contemporánea”.

Super8 é a segunda entrega de Lugares comúns, un tríptico que percorre presente, pasado e futuro como os tres estadios da construción da identidade dunha persoa

O resultado é unha dramaturxia audaz e á vez ancorada en códigos clásicos. Trátase, non en van, dunha comedia musical, pero deixa un espazo amplo para o libre e o nesperado. Unha teima de Marta Pazos é, precisamente, a de xogar co factor sorpresa aló onde encaixa. “O que sempre pretendo é crear unha expectativa para logo non cumprila, escollendo outros camiños que lle impiden ao espectador saber o que vai pasar”.

O método de traballo tamén foi pouco convencional. Executada durante unha residencia artística na sede da ACERT (Associação Cultural e Recreativa de Tondela), a construción de *Super8* non foi tanto unha suma de ensaios como unha experiencia de *work in progress* a cargo de todo o equipo artístico. Tratouse, en realidade, dun proceso de construción dramática á inversa, xa que partiu do improvisado para rematar na escritura do texto.

Compañía transfronteiriza

Ademais de Hugo Torres, orixinal de Tondela e formado no Porto, unha cuarta parte do equipo de *Super8* é portuguesa. A anterior montaxe de Voadora, *O soño*



(*Desmontando a Shakespeare*), xorde dunha invitación do festival portugués Noites na Nora, na localidade alentejana de Serpa, para presentar no evento un espectáculo inédito. É en Portugal onde a compañía distribúe mellor os seus espectáculos, e no marco do FINTA (Festival Internacional de Teatro do ACERT) tivo lugar a primeira representación diante do público de *Super8*. Foi o pasado 2 de decembro, como culminación do traballo residente.

Estes son só algúns apuntamentos para comprender por que Voadora se concibe a si mesma como unha compañía trans-

fronteiriza. Malia Galicia e Portugal compartiren moitas cousas, eles detectan disparidades culturais manifestas que os convidan a “explorar a riqueza da diferenza”. Lembra Hugo que Marta e mais el naceron a só 200 quilómetros de distancia, “pero ás veces os nosos referentes son literalmente opostos”.

Para aproveitaren esta fonte dupla, teiman en trasladar todo o equipo a contextos alleos e, por iso, máis apropiados para a creación artística. “Poder traballar noutros lugares é un privilexio, e poder convidar outros artistas a que participen disto é unha oportunidade única”, di el.

O método de traballo tamén foi pouco convencional. Tratouse, en realidade, dun proceso de construción dramática á inversa, xa que partiu do improvisado para rematar na escritura do texto

E hai máis vantaxes: o traballo a ambas as marxes permite observar a resposta de públicos distintos. “Foi unha sorpresa, por exemplo, comprobar que o público portugués encontraba cómicas certas situacións que apelan á memoria colectiva galega”, di Hugo a propósito de *Super8*.

A resposta do público galego coñecerase o 9 de abril, data de estrea da obra no Salón Teatro de Compostela, e posteriormente na Rede Galega de Teatros e Auditorios.



A COMÉDIA DA VIDA PRIVADA
Teatro Novo Brasil/Portugal

Autor: Luis Fernando Verissimo / Dirección: Hugo Sovelas / Elenco: Eduardo Gaspar e Rosana Moraes
Xénero: Teatro adultos/Comedia

A historia cotiá dunha parella, desde o momento en que se encontran por primeira vez, pasando polo namoro, o casamento, a vida en común, a separación e quen sabe se o reencontro. A soidade, ou a unión das soidades, é o motivo deste espectáculo que busca a diversión ao mesmo tempo que a reflexión. En resumo, a temática central que aborda esta historia é a da propia vida de cada un de nós.



A DERRADEIRA FILA
Teatro Ensalle

Autor: Pedro Fresneda / Elenco: Raquel Hernández, Artús Rey, Gabriel Celester, Jose Martínez
Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Unha peza que fala do reencontro, da festa, do pasado común de catro persoas, de botar de menos, de pensar de máis. Fala de recoñecerse no amigo íntimo, no sitio de sempre. Non esquecer como antídoto da estupidez, do cansazo. A memoria do que un dixera, do que un fixera, impregnada polo paso do tempo. Un espazo con lembranzas comúns, afastado da cidade, do ruído. Este é o punto de partida e probablemente o punto de final, o eterno retorno. Dende aquí poden abordar o que queda por diante sen facer renuncias, sen medo.

+ info. en: www.teatroensalle.com



A ESMORGA
Sarabela Teatro

Autor: Eduardo Blanco Amor / Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda / Elenco: Fernando Dacosta, Suso Díaz, Xosé A. Porto “Josito”, Nate Borrajo, Rosa Álvarez, Elena Seijo, Sabela Gago, Fina Calleja, Tito R. Asorey / Xénero: Teatro adultos/Drama

A obra cume da nosa narrativa feita teatro no cincuenta aniversario da súa publicación. Un espectáculo capaz de facer sangrar a chuvia e chorar o lume. Dende a primeira escena, o espectador/a entra na traxedia. *A esmorga* combina con asombrosa naturalidade a esencia absoluta da vida e da morte. Intensa, emocionante e, sobre todo apaixonada, é unha traxedia aceda e cruel de tres homes marxinais e marxinais que ao longo de vinte e catro horas deambulan polos arrabaldos de Auria, perseguidos pola xustiza e baixo a choiva e o frío da noite.

+ info. en: www.sarabellateatro.com



A PENSIÓN
Redrum Teatro

Autoría: Álex Sampayo, Víctor Sierra e María S. Ferreiro
Dirección: Álex Sampayo / Elenco: Rosa Álvarez, Guillermo Carbajo, Tamara Canosa / Xénero: Teatro adulto/Drama

Un conto de suspense que explora as consecuencias da soidade. *A pensión* mergúllase nun mundo interior complexo, produto do abandono, do illamento e da falta de comunicación. Fala de como todos estes factores poden corromper o ser humano e despoxalo da capacidade de emocionarse e ser feliz. E de como isto desemboca nunha existencia gris, marcada polo silencio, pola desconfianza e a obsesión.



A PIRAGUA
Cándido Pazó. Abrapalabra Creacións Escénicas

Autor: Cándido Pazó / Dirección: Cándido Pazó
Elenco: Xosé Manuel Oliveira “Pico”, Susana Dans, Marcos Orsi, Iolanda Muñíos, César Martínez “Goldi”, Ricardo de Barreiro e Mariam Bañobre
Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

É lícito aparcar unha piragua nunha praza de garaxe dun edificio? Acompañando os veciños no desenvolvemento da desavinxa que esta cuestión provoca, descubrimos que nun dos pisos está a producirse unha situación de violencia doméstica. É unha circunstancia que sempre existiu pero que ultimamente está aumentando e cobrando máis visibilidade debido á nova actitude da vítima, Rosa, unha muller que, farta de aguantar, decide enfrontarse para establecer unhas novas regras de xogo. As cousas poden e deben ser doutra maneira.



ACTOS DE JUVENTUD
La Tristura

Autores: Itsaso Arana, Pablo Fidalgo, Violeta Gil e Celso Giménez / Dirección: La Tristura / Elenco: Itsaso Arana, Pablo Fidalgo, Violeta Gil, Celso Giménez / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Se o eu, como dicía Foucault en *As palabras e as cousas*, é un invento moderno, unha ficción, non o é tamén a comunidade, suxeita sempre á orde dos discursos e os afectos? Como entra a comunidade en escena, como se fai unha exposición cos demais? A dicotomía aínda moderna entre crear como individuo ou en colectivo nos ocupa agora mesmo. É posible pensar xuntos? Podo sufrir contigo?

+ info. en: www.latristura.com



ANXELIÑOS
Espello Cóncavo

Autor: Roberto Vidal Bolaño / Dirección: Arturo López
Elenco: Fernando Morán, Rodrigo Roel, Estíbaliz Veiga, Manu Fernández e Isabel Martínez Risco
Xénero: Teatro adultos/Comedia

Charli, ex-policía franquista, dirixe unha axencia de cobramento de morosos. Xunto con el, Leti, a súa filla; Chema, o xenro; Tigre, vello amigo, tan fiel como inútil; e Sor Anxélica, unha monxa empeñada en salvar almas á forza.

Charli e os seus serán capaces de calquera cousa con tal de salvar a axencia, incluso pactar co diabólico gánster Damián...

+ info. en: <http://espelloconcavo.com>



AQUÍ NON CHAMA NIN DIOS
Madremía! Producións

Autores: Sandra Lesta e Sonia Méndez
Dirección: Sandra Lesta e Sonia Méndez
Elenco: Sonia Méndez, Sandra Lesta, Judas Diz
Xénero: Teatro adultos/Musical

... É un espectáculo sobre a vida, o universo e todo o demais. ...É un intre de lucidez transitoria. ... É a traxedia acontecida por agardar o amor que non dá chegado. ...É a influencia cósmica nas cousas pequenas. ... É a verborrea de dúas mulleres acompañadas dun piano. ...É digno de ver.



ATRA BILE
Teatro de Ningures

Autora: Laila Ripoll / Dirección: Etelvino Vázquez
Elenco: Casilda García, Sonia Rúa, Josi Lage, David Novas, Fran Paredes

Nazaria, Daría e Aurora son tres irmás xa anciás que viviron toda a súa vida xuntas nunha gran casona dun pobo calquera. Esta noite de xoves están reunidas para velar o cadáver do marido de Nazaria, a única que casou, acompañadas da fiel criada de Nazaria, Ulpiana. E será ao redor deste velorio cando saian á luz as eternas querelas entre as irmás e eses segredos ocultos que permanecen alí, latexantes, durante cincuenta anos.

+ info. en: www.teatrodeningures.com



BENITO BIENVENIDO “O CASTING”
Lambríaca Teatro

Autor: Julián R. Novo / Dirección: Fran Peleteiro
Elenco: Xosé Manuel Conde / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Benito e Varela, íntimos dende nenos, tomando unhas cuncas chegan a un acordo tácito que rubrican tomando a última cunca: o primeiro que chegue a ter éxito na vida levará ao outro con el. Varela faise director de cine con recoñecemento profesional a escala mundial. Benito segue por eses mundos de Deus tentando entrar no mundo do cine. Un bo día entérase que Varela fai un *casting* para escoller o actor principal da súa próxima superprodución...

+ info. en: www.lambrica.com



BLACK CHERRY BURLESQUE
Almacabra Teatro-Circo

Autor: Almacabra Teatro-Circo / Dirección: Almacabra Teatro-Circo / Elenco: Sue Moreno, Vanessa Rivas, Yolanda Paz / Xénero: Teatro adultos/Outros

Un espectáculo de cabaré, suxestivo, divertido, ameno e moi picante.

+ info. en: www.almacabra.com



BÚSCASE CLOWN VELLO
Santart Teatro

Autor: Matei Visniec / Dirección: Theodor Smeu Stermin / Elenco: Ana Álvarez Núñez, Lorena Neira, Javier Gonzalez, Laura Curt / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Tres *clowns* entrados xa en anos reencóntranse na pequena sala de espera dun *casting*. O reencontro da pé a situacións extremadamente cómicas, porque antes de entrar á proba, cada un deles intenta intimidar ao seu antigo compañeiro de circo –actualmente adversario– cos novos truques adquiridos. Para os nosos pallasos, realmente o *casting* comeza moito tempo antes da hora escrita no cartel. Unha competición de lembranzas patéticas.

+ info. en: www.salasantart.com



CACHAI
Miroscopio Perdicións

Autor: Pepe de Jiménez / Dirección: Pepe de Jiménez
Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Cachai introdúcenos nunha viaxe. Unha viaxe que se inicia cando non queda nada, ás veces familia, casa, traballo, identidade legal, saúde ou afecto. A vida entón acontece grazas á insistencia por agarrarse a ela. Nunha loita constante por non perder a dignidade. Nunha loita por sobrevivir. Cando non queda nada é preciso renacer. Renacer despois da perda. Renacer desde a carencia. Renacer dos anónimos, daqueles dos que ninguén se lembra, das vítimas. Dos inocentes. Dá igual se ocorre en Galicia, en Marrocos, en Chile ou en Palestina. *Cachai*?



CAMBIOS DE DESTINO
Teatro En Punto

Autor: Rubén Ruibal / Dirección: Nerea de Valenzuela
Elenco: Gloria Rico / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

A liberdade é un camiño asilveirado, unha toxeira por desbravar. Día a día temos que cambiar de destino para conseguila, para deixar de ter medo, para deixar de tremer, para que o corazón non laxe tan rápido... ou para que non deixe de latexar.

+ info. en: www.teatroenpunto.com



CARTAS DE AMOR DUNHA
MONXA PORTUGUESA

Santart Teatro

Autora: Mariana Alcoforado / Dirección: Theodor Smeu Stermin / Elenco: Raquel Pintos Rosendo
Xénero: Teatro adultos/Drama

A actriz desenvolve o xogo dramático dentro dunha gaiola, mentres os espectadores permanecerán de pé á beira de todos e cada un dos compartimentos da gaiola, mirando a acción por medio dun ventanuco de confesionario. Dáselle así forma escénica ás cinco cartas de amor asinadas pola monxa portuguesa Mariana Alcoforado, que cativán pola maneira inxenua e a precisión exacta coa que son expresados os sentimentos amorosos.

+ info. en: www.salasantart.com



CERRADO POR ABURRIMIENTO
Matarile Teatro

Autora: Ana Vallés / Dirección: Ana Vallés / Elenco: José Campanari, Xan Cejudo, Alba Fernández, Mónica García, Mauricio González, Ricardo Santana e Ana Vallés
Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Trata sobre a idea de rescatar unha mirada propia. Sen deixar de preguntármonos "que importa a quen". E desde un posicionamento á defensiva ante: o aburrimiento, a repetición, os críticos de teatro, e os manifestos en xeral.

+ info. en: www.matarileteatro.com



COLGADOS (LOGOMONOS)
Ancora Produccións

Autor: Gustavo Pernas Cora / Dirección: Anxela G. Abalo / Elenco: Gustavo Pernas Cora
Xénero: Teatro adultos/Comedia

Logomono* de Gustavo Pernas Cora. En épocas de crise hai moito colgado. “Homesoga” é un colgado profesional. Que tes un problema grave? El cólgase por ti. A historia é increíble. Todo comezou sendo neno, cando... En fin, se queres que cha conte e precisas dos seus servizos, ven, el nunca te deixará colgado... porque morrerás coa risa.

*Os logomonos son monólogos ao revés, monólogos mutantes interpretados polo propio autor. E logo son monos, para lucir nos espazos da comedia, espectaculares, peludos, esperpénticos, surreais, actuais, críticos, acedos, divertidos, ha, ha, ha!, hilarantes como a risa dos monos.



E TI QUEN VÉS SENDO?
Taliá Teatro

Autor: Cándido Pazó / Dirección: Cándido Pazó
Elenco: Toño Casais, Artur Trillo, David Creus, Dani Trillo, Marta Ríos, Rosi Barcala, María Ordóñez, Diego Rey, Gustavo G. Dieste, Xurxo Barcala / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Que pasaría se, de súpeto, alguén ocupase o teu lugar na vida? Pero non alguén en xeral, senón unha copia exacta de ti mesmo, que coñece ata os máis íntimos detalles da túa vida. Como demostrar que un mesmo é o “auténtico” cando o “outro” é idéntico a un mesmo? Este é o arranque da peripécia do Anfitrión de Plauto, revisitada en clave actual por Cándido Pazó. Anfitrión e o seu escravo Sosia son suplantados polos deuses Xúpiter e Mercurio mentres están na guerra. O motivo deste engano é o desexo amoroso de Xúpiter por Alcmena, a muller de Anfitrión.

+ info. en: www.taliateatro.es



EL EMIGRANTE
Abracadabra Produccións

Autor: Horacio Ruiz de la Fuente / Dirección: Estela Freire / Elenco: Alberte Cabarcos / Xénero: Teatro adultos/Clásico

A emocionante historia dun pai que trata de salvar a vida da súa filla; un home que será quen de converter o teatro e o seu público no seu xuízo e o seu xurado. A historia dunha vida entregada a unha única causa: o dereito de todo ser humano á vida. Unha obra repleta de emoción, tenrura e comicidade. Unha auténtica homenaxe á palabra e ao xénero cinematográfico de xuízos.



EXITUS
Titzina Teatre

Autores: Diego Lorca e Pako Merino / Dirección: Diego Lorca e Pako Merino / Elenco: Diego Lorca e Pako Merino
Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Un funerario, un home na busca de emprego, un directivo dun laboratorio farmacéutico e un avogado mesturan as súas vidas sen que eles mesmos sexan conscientes do destino común que os une. Catro persoas que se enfrontan á morte desde puntos de vista tan diversos como o dunha profesión, unha traxedia ou un acto irreversible da vida.

+ info. en: www.titzinateatro.com



FANTASMAS FAMILIARES
Produccións Teatráis Excéntricas

Autor: Tradición oral / Dirección: Quico Cadaval
Elenco: Quico Cadaval / Xénero: Teatro adultos/Outros

Quico Cadaval leva desenvolvendo desde os anos noventa un tipo de espectáculo unipersoal a medio camiño entre a narración tradicional, a épica escénica e o cabaré literario. Na súa forma actual, *Fantasmas familiares* aproveita a referencia do espectro das historias tradicionais para explorar outras zonas espectrais da nosa conciencia, a nosa memoria e a nosa percepción. Como sempre, aparecerán tiranos, piratas, funcionarios, putas, taberneiras, cregos, valentes, estudantes, chaboleiros, filósofos, cans, vacas e outros fantasmas. Ou non.



HISTORIAS TRICOLORS OU DE COMO
AQUELES ANIMALIÑOS PROCLAMARON
A REPÚBLICA

Abrapalabra Creacións Escénicas

Autor: Cándido Pazó / Dirección: Cándido Pazó
Elenco: Cándido Pazó / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Esta proposta unipersoal, a cabalo entre a narración e o teatro, busca os seus antecedentes escénicos nas actuacións en solitario de Darío Fo e outros cultivadores da xografía da palabra. Un traballo que combina a experiencia de Cándido Pazó como autor, actor e director teatral coa súa longa e recoñecida traxectoria como contador de historias. Un texto divertido e emotivo no que o cómico e narrador, desde o humor e a evocación, enfa varias historias nun conxunto dramático que reivindica e homenaxe a memoria de dous personaxes humildes e anónimos implicados no atribulado momento histórico que lles tocou vivir.



ILIRIA
Elefante Elegante Teatro

Autor: W. Shakespeare / Dirección: Colectiva
Elenco: Fabiana Gastaldello, Fredi Muiño, Gonçalo Guerreiro e María Torres / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Un espectáculo a partir da *Noite de reis* de W. Shakespeare. Na illa de Iliria o Duque Orsino morre de amores por Olivia, pero a pesar das románticas cancións portuguesas que lle dedica, o seu amor non é correspondido. Ao mesmo tempo, dous irmáns xemelgos, Violeta e Sebastián, naufragan na costa de Iliria. Violeta vese obrigada a disfrazarse de home coas roupas do irmán para poder sobrevivir nun país estranxeiro. Pero Sebastián tamén se salvou, e sen saber un do feliz destino do outro, acaban por crear os máis divertidos equívocos amorosos.

+ info. en: www.elefanteelegante.net



ISADORA DUNCAN
Encena Produccións Artísticas

Autora: Isadora Duncan / Dirección: Roberto Cordovani
Elenco: Roberto Cordovani, David Fernández Rivera
Xénero: Teatro adultos/Drama

A vida e época da muller que revolucionou a danza. Un grito de rebeldía contra a Europa burguesa, decadente e xenófoba.

+ info. en: www.tal2005.com

ERNESTO CHAO

CINE, TELEVISIÓN, PERO SOBRE TODO TEATRO. CORENTA ANOS LEVA ERNESTO CHAO (RIBADAVIA, 1943) INTERPRETANDO TODO TIPO DE PERSONAXES. Á SÚA TRAXECTORIA CONVÉRTEO NUN DOS ACTORES MÁIS RESPECTADOS DO TEATRO GALEGO, AVALADO POR UN BO FEIXE DE PREMIOS. O SEU COMPROMISO COA PROFESIÓN LEVOUNO A ASUMIR HAI UNS MESES A PRESIDENCIA DE ESCENA GALEGA, A ASOCIACIÓN QUE AGRUPA UN IMPORTANTE NÚMERO DAS COMPAÑÍAS DE ARTES ESCÉNICAS DE GALICIA. DESDE 2001 DIRIXE XUNTO A ROSA ÁLVAREZ A SÚA PROPIA COMPAÑÍA, LAGARTA LAGARTA, COA QUE ESTREARON ESTA TEMPORADA *O SEGREDO DOS HOFFMAN*. É A PLATAFORMA DESDE A QUE CREAR UN TEATRO PRÓXIMO AO PÚBLICO E NA QUE ERNESTO CHAO ASPIRA A LEVAR ADIANTE OS SEUS RETOS PENDENTES COMO ACTOR.







As últimas obras que levou a escena *Lagarta Lagarta*, *As últimas lúas*, *Aeroplanos* e *O segredo dos Hoffman*, reflexionan sobre as relacións familiares e sobre o espazo que ocupan os vellos na sociedade. Preocúpalle especialmente este tema?

Acabo de cumprir 66 anos, sei que non me queda moita vida teatral. Procuramos que nos espectáculos de Lagarta sempre haxa un papel para min. Non é condición *sine qua non*, pero facémolo por unha cuestión práctica. Ao mesmo tempo, si que é un tema que nos preocupa. Nos tres últimos espectáculos intentamos crear un estilo e unha temática, nós estamos contentos e parece que o público tamén. Empezamos facendo un teatro menos comprometido coa realidade social, como *Fobias* e *Carambola*, pero tiñamos en mente buscar a nosa propia liña de traballo. Había anos que tiñamos o texto de *As últimas lúas* nun caixón reservado, esperando que chegase o momento óptimo. Decidimos embarcarnos con este texto, porque, ademais de ser dunha grande altura dramática, era un tema que nos interesaba moito. Entramos con moito medo,

“ENTENDO COMERCIAL COMO UN TEATRO QUE LLE INTERESE A TODO TIPO DE PÚBLICO, E ISO É O QUE INTENTAMOS FACER”

porque é un espectáculo duro. A nosa gran sorpresa foi que resultou un éxito tremendo, e non só da crítica. Demos un salto moi grande, incluso en número de funcións. E decatámonos de que o que a xente neste momento quere é que lle falemos de problemas próximos, de cousas que lles digan algo. Todos temos un vello na casa, ou estamos camiño de ser vellos, ou enfrontamos problemas entre pais e fillos. Vimos que a xente reaccionaba e iso quitounos o medo de meternos neste tipo de espectáculos.

Polo contido dunha obra como *O segredo dos Hoffman*, é bastante fácil que o público conecte cos personaxes e coas situacións.

Si. *O segredo dos Hoffman* empeza nun enterro que parece unha desas ceas de Nadal na que saen todas as merdas que levan anos gardadas, algo que a todos nos pasou. A xente séntese moi identificada, e penso que por aí imos ben. O público está respondendo magnificamente, igual que nos anteriores.

Eu diría do seu personaxe en *O segredo dos Hoffman* que ten

unha seguridade en si mesmo que logo se descobre impostada. Parécelle algo propio desta sociedade?

Si, é un vello moi peculiar. Ao principio cae mal, aínda que faga chistes, pero logo, cando está a soas e se lle ven todas as súas miserias, é cando se ve que é un ser humano con todas as súas debilidades, e aí empeza o espectador a achegarse a el.

Dorotea Bárcena dicía no anterior número de *Paraíso* que se vía abocada a escribir e dirixir obras para atopar papeis para ela. Séntese identificado cando busca textos para levar a escena? Hai papeis para todas as idades no teatro?

Así como se queixan as actrices —e é certo— de que hai poucos personaxes femininos interesantes, tamén é certo que non hai excesivos textos de teatro nos que o protagonista sexa un vello ou unha persoa de certa idade. Nós non buscamos exactamente que haxa un papel protagonista para min, o que nos interesa é o tema. Queremos provocar emocións no público.

No concello en que nos atopamos, Vedra, hai un festival de teatro afeccionado no que as funcións sempre se enchen. Pero moita desa xente non se atreve a ir a “un” teatro. Como se pode vencer esa distancia?

Hai algún crítico que nos tacha de facer un teatro comercial. A palabra comercial está moi desprestixiada, porque se pensa en Lina Morgan e sucedáneos. Eu entendo comercial como un teatro que lle interese a todo tipo de público, e iso é o que intentamos facer. Que teñamos un texto comprensible para unha persoa cunha capacidade intelectual alta e para unha persoa normal. Neste momento estou un pouco en contra dun teatro de elite. Se o hai, magnífico, pero penso que agora mesmo o público galego non está especialmente preparado para ese tipo de teatro, só unha minoría. Pero, se nós pretendemos chegar a todo tipo de xentes e facer que rompan esa barreira da que falas, temos que darlle un teatro que sexa accesible, e iso non está pelexado coa calidade.

Cal é o mellor camiño para ampliar público para o teatro galego: gañar espectadores nas vilas e cidades en que está consolidado, chegar a máis vilas, saír fóra?

Saír fóra é cada día máis difícil. Nós non o conseguimos. E non é un problema de calidade. Na Feira Galega das Artes Escénicas fixemos unha función estupenda. Creio que nunca me felicitaron tanto os programadores. Ao final vendín as funcións de sempre, e para fóra nin a primeira. Un programador diche que ten un teatro de 900 butacas que ten que encher, outro ten un de 40 localidades na que as compañías van a billeteira. Hoxe hai un par de distribuidoras en España que controlan todo o mercado: ou estás metido nelas ou non vendes nada.

E cara a dentro?

Nós xa non podemos chegar a máis sitios.

Despois de 40 anos na profesión, que retos ten como actor?

Téñoos todos. Nestes últimos anos, foi un reto facer tres vellos que non teñen nada que ver uns con outros. Gustaríame facer un personaxe feminino, investigar como se comportaría unha muller, pero non unha parodia, senón unha especie de *Mi querida señorita* de José Luis López Vázquez. Levo feito tantas cousas que teño que buscar cousas novas. Hai vinte e tantos anos fixen *O rei Lear* de Shakespeare, e penso que agora estaría en mellores condicións para facer ese papel, tanto físicas, pola idade, como artísticas, porque en tanto tempo sempre se aprenden cousas. O que pasa é que unha obra tan grande e con tantos actores non pode asumila coa miña compañía.

A pesar da variedade de papeis que fixo en teatro, cine e televisión, supoño que con frecuencia seguen a dirixirse a vostede como Miro Pereira...

A última vez hai só un par de horas.



Este personaxe tan popular, é para vostede unha carga?

Eu teño que estarlle agradecido. Non son tan estúpido como para non recoñecer que moita xente que me vai ver ao teatro vai atraída porque eu fixen un papel en televisión que me deu popularidade. Pero ao mesmo tempo é unha carga. Non vou facer sempre de Miro Pereira. Desde que acabei a serie busquei papeis que non se asemellasen o máis mínimo a aquel. A xente séguese recoñecendo, pero cando van ao teatro xa non van ver a Miro Pereira, saben que podo facer outras cousas.

Hai moitos actores televisivos que non conseguiron desprenderse dos seus papeis máis populares. Vostede conseguiu no teatro, pero non sei se é así na televisión.

Na televisión é unha lousa. Estou encadrado nese papel, porque non me volveron chamar desde hai catro anos. En todo 2009, só traballei dous días nunha serie nacional. Aquí nunca máis me volveron chamar, os produtores pensan en Miro Pereira e din “non lle vai o papel”. Gustaríame traballar

“GUSTARÍAME FACER UN PERSONAXE FEMININO, INVESTIGAR COMO SE COMPORTARÍA UNHA MULLER”

en televisión noutro rexistro, pero non me chaman. Desaparecín do mapa. Morreu Miro Pereira e morrín eu para a televisión.

O seu único papel protagonista nunha longametraxe, no telefilme *Condenado a vivir*, foi moi ben acollido pola crítica. Por que non apareceu ningún outro papel desa envergadura?

Custoume moito. Cando souben que se ía facer esa película, pelexei moito por ela. Daquela estaba nun descanso de *Pratos combinados* e tiven a gran sorte de que o director non era galego e non tiña prexuizos. Recordo que no *casting* nin sequera fixen unha escena, só falei con el unha hora, como vía eu o personaxe, como o faría. Dubido moito de que mo desen se o director fose de aquí.



Cal considera que é a súa principal virtude como actor?

Quizais a responsabilidade. Considérome responsable e traballador.

E se lle pregunto por un defecto?

Teño tantos! Ás veces son un pouco intransixente con compañeiros que non teñen a suficiente responsabilidade no traballo. Non son conflitivo, pero cando vexo que alguén vén co texto sen aprender, ou que chega tarde e en malas condicións, iso exaspérame.

De que papel dos que interpretou se sente máis orgulloso?

En cine e televisión, o de *Condenado a vivir*. En teatro, o de *As últimas lúas*.

E un papel no que crea que non se conseguiría meter?

Quizais o papel dun pallaso, considéroo difícilísimo.

Dígame un actor ao que admire.

Hai moitos... Diría Luís Tosar, paréceme un actor extraordinario.

Cando foi a última vez que se emocionou no patio de butacas?

Foi cunha obra de Rosa María Sardá dirixida por Lluís Pascual, que se chama *Wit*. Ela facía dunha enferma de cancro. Pareceume a interpretación máis impresionante que vin na miña vida no teatro.

Gústalle a televisión?

Co que botan, non. Ás veces poño un capítulo dunha serie para ver os meus compañeiros e saber de que vai a cousa. Pero o que fago ao chegar á casa é acender o DVD e ver películas, teño unha videoteca bastante grande.

Que terían que botar na tele para declinar unha invitación ao teatro?

Unha boa película, son moi cinéfilo.

Teatro Principal	_BERROBAMBÁN _Bicharada	[P. 33]
FEBREIRO		
08 e 09	ás 10.00, 12.00 e 18.30 h _Auditorio M. Pazo	
da Cultura	_GALITON _Rosalía, a pulga que escribía	[P. 37]
10 e 11	ás 10.00, 12.00 e 18.30 h _Auditorio M. Pazo	
da Cultura	_CARAMUXO TEATRO _Os Bolechas	[P. 36]
13	ás 10.30, 11.30, 17.00 e 13.00 h _Auditorio M. Pazo da	
Cultura	_KATARSIS, EDUCACIÓN E TEATRO S.L. _Pacama	[P. 36]
21	ás 12.00 e 18.30 h / 22	ás 10.00 e 12.00 h _Teatro
Principal	_TANXARINA TÍTERES _Sombreiros sen chapeu	[P. 37]

REDONDELA

FEBREIRO		
27	ás 20.00 h _Multiúsos da Xunqueira	
ELEFANTE	ELEGANTE TEATRO _O forno	[P. 22]
MARZO		
06	ás 20.00 h _Multiúsos da Xunqueira	
LAGARTA	LAGARTA _O segredo dos Hoffman	[P. 22]
13	ás 20.00 h _Multiúsos da Xunqueira	
ESPELLO	CÓNCAVO _Anxeliños	[P. 14]
20	ás 20.00 h _Multiúsos da Xunqueira _ TEATRO DO MORCEGO	
	<i>Kvetch (unha comedia americana sobre a ansiedade)</i>	[P. 22]
27	ás 20.00 h _Multiúsos da Xunqueira	
FULANO, MENGANO E CITANO, S.L.	_Nunca menos	[P. 22]
ABRIL		
10	ás 20.00 h _Multiúsos da Xunqueira	
ABADA	TEATRO _Só	[P. 31]
17	ás 20.00 h _Multiúsos da Xunqueira	
ABRAPALABRA	CREACIÓN	[P. 14]
MAIO		
08	ás 20.00 h _Multiúsos da Xunqueira	
MIROSCOPIO	PERDICIÓN	[P. 15]

SANXENXO

FEBREIRO		
06	ás 21.30 h _Pazo Emilia Pardo Bazán	
TEATRO DE NINGURES	_Atra Bile	[P. 14]
MARZO		
06	ás 21.30 h _Pazo Emilia Pardo Bazán	
TEATRO DO MORCEGO	_Os patios da memoria	[P. 22]
ABRIL		
10	ás 21.30 h _Pazo Emilia Pardo Bazán	
MALASOMBRA	_O día do pai	[P. 22]
MAIO		
08	ás 22.00 h _Pazo Emilia Pardo Bazán	
ABRAPALABRA	CREACIÓN	[P. 15]
XUÑO		
05	ás 22.00 h _Pazo Emilia Pardo Bazán	
TALÍA	TEATRO _Palabras encadeadas	[P. 22]

TUI

FEBREIRO		
05 ás 20.00 h _Teatro Municipal - Edificio Área Panorámica		
CARAMUXO TEATRO _Os Bolechas	[P. 36]	
12 ás 21.30 h _Teatro Municipal - Edificio Área Panorámica		
TALÍA TEATRO _Palabras encadeadas	[P. 22]	
19 ás 20.00 h _Teatro Municipal - Edificio Área Panorámica		
VIRAVOLTA TÍTERES _A caixa de música	[P. 31]	

ABRIL		
23 ás 21.30 h _Teatro Municipal - Edificio Área Panorámica		
TEATRO DO MORCEGO _Kvetch (unha comedia americana sobre a ansiedade)	[P. 22]	

MAIO		
14 ás 20.00 h _Teatro Municipal - Edificio Área Panorámica		
SARABELA TEATRO _Cósima	[P. 34]	
21 ás 21.30 h _Teatro Municipal - Edificio Área Panorámica		
QUIQUE PEÓN, CÍA. _Ovay	[P. 50]	

VIGO

XANEIRO		
14, 15 e 16 ás 21.30 h / 17 ás 20.00 h _Teatro Arte Livre		
CÍA. DE TEATRO XERPO _Mac... Yes, we can	[P. 22]	
15 e 16 ás 22.00 h / 17 ás 21.00 h _Teatro Ensalle		
LA MACANA _Shure PG48	[P. 50]	
22, 23, 29 e 30 ás 21.30 h / 24 e 31 ás 20.00 h		
Teatro Arte Livre _TEATRO NOVO BRASIL/PORTUGAL		
A comédia da vida privada	[P. 14]	
23 ás 20.30 h _Centro Cultural Caixanova _PRODUCCIÓN		
TEATRÁIS EXCÉNTRICAS _Shakespeare para ignorantes	[P. 31]	

FEBREIRO		
05 ás 20.30 h _Centro Cultural Caixanova		
TEATRO DE NINGURES _Atra Bile	[P. 14]	
05 e 06 ás 21.30 h / 06 e 07 ás 20.00 h / 07 ás 18.00 h		
Teatro Arte Livre _SANTART TEATRO		
Cartas de amor dunha monxa portuguesa	[P. 15]	
05 e 06 ás 22.00 h / 07 ás 21.00 h _Teatro Ensalle		
CÍA. DANIEL ABREU _Equilibrio	[P. 42]	
19 e 20 ás 22.00 h _/ 21 ás 21.00 h _Teatro Ensalle		
PROVISIONAL DANZA _Sin dios	[P. 50]	
20 ás 21.30 h / 21 ás 20.00 h _Teatro Arte Livre		
TEATRO EN PUNTO _Cambios de destino	[P. 15]	
26 e 27 ás 22.00 h / 28 ás 21.00 h _Teatro Ensalle		
DISQUE DANZA _Des-memoriaz	[P. 42]	
27 ás 21.30 h / 28 ás 20.00 h _Teatro Arte Livre		
CONTRA2. IVÁN VILLAR E NELSON QUINTEIRO		
Contra2. Danza e Contradanza	[P. 42]	

MARZO		
12 e 13 ás 22.00 h / 14 ás 21.00 h _Teatro Ensalle		
DLOIRA _Macho	[P. 50]	
19 e 20 ás 22.00 h / 21 ás 21.00 h _Teatro Ensalle		
NUT TEATRO _Wake Up	[P. 31]	

ABRIL		
02 e 03 ás 22.00 h / 04 ás 21.00 h _Teatro Ensalle		
CÍA. ARRAIANA-ESTELA LLOVES		
Knochenblume (Flor dehueso)	[P. 50]	
09 e 10 Ás 22.00 h / 11 ás 21.00 h _Teatro Ensalle		
CÍA. ARRAIANA-ESTELA LLOVES _Alicia en Grusia project	[P. 42]	
24 ás 20.30 h _Centro Cultural Caixanova		
SARABELA TEATRO _A esmorga	[P. 14]	

MAIO		
07 e 08 ás 22.00 h / 09 ás 21.00 h _Teatro Arte Livre		
SANTART TEATRO _Búscase clown vello	[P. 14]	
14 e 15 ás 22.00 h / 16 ás 21.00 h _Teatro Arte Livre		
ELEFANTE ELEGANTE TEATRO _Iliria	[P. 15]	
21 ás 20.30 h _Centro Cultural Caixanova		
ÓNFALO TEATRO S.L. _Neuras	[P. 22]	
21 e 22 ás 22.00 h / 23 ás 21.00 h _Teatro Arte Livre		
ALMACABRA TEATRO-CIRCO _Black Cherry Burlesque	[P. 14]	
28 e 29 ás 22.00 h / 30 ás 21.00 h _Teatro Arte Livre		
MADREMÍA! PRODUCCIÓN _Aquí non chama nin Dios	[P. 14]	

XUÑO		
05 ás 22.00 h / 06 ás 21.00 h _Teatro Arte Livre		
ABRACADABRA PRODUCCIONS _El emigrante	[P. 15]	
12 ás 22.00 h / 13 ás 21.00 h _Teatro Arte Livre		
PRODUCCIÓN TEATRÁIS EXCÉNTRICAS _Fantasmas familiares	[P. 15]	
18 ás 20.30 h _Centro Cultural Caixanova		
FULANO, MENGANO E CITANO, S.L. _Nunca menos	[P. 22]	

VILAGARCÍA DE AROUSA

XANEIRO		
29 ás 21.00 h _Auditorio Municipal		
ANCORA PRODUCCIÓN _Colgados (Logomonos)	[P. 15]	

MARZO		
12 ás 21.00 h _Auditorio Municipal		
ABRAPALABRA CREACIÓNS ESCÉNICAS _Historias tricolores ou de como aqueles animalíños proclamaron a República	[P. 15]	
26 ás 21.00 h _Auditorio Municipal		
LAMBRÍACA TEATRO _Benito Bienvenido “O Casting”	[P. 14]	

ABRIL		
09 ás 21.00 h _Auditorio Municipal		
PRODUCCIÓN TEATRÁIS EXCÉNTRICAS		
Shakespeare para ignorantes	[P. 31]	
16 ás 12.00 e 21.00 h _Auditorio Municipal		
REDRUM TEATRO _A pensión	[P. 14]	
30 ás 21.00 h _Auditorio Municipal		
CHÉVERE _Testosterona	[P. 31]	




PRESSING CATCH
Berrobambán

Autora: Paula Carballeira / Dirección: Quico Cadaval
Elenco: Hugo Torres, Paula Carballeira, Chiqui Pereira, Anabell Gago / Xénero: Teatro adulto/Outros

Vivimos na era do medo. Temos medo practicamente de todo; e o medo, ademais de limitar a nosa liberdade, núblanos o entendemento e fainos manipulables. Berrobambán fai teatro do espectáculo do “pressing catch”, tomando algunhas das súas convencións e introducindo variantes. En *Pressing Catch* a loita que se realiza nos cuadriláteros, seguindo unhas normas determinadas, vai ocupar un espazo de ficción como é o teatro e, á vez, vai ter un paralelismo coa realidade, cos loitadores e loitadoras anónimos que realizamos actos de violencia cada día sen reparar neles.

+ info. en: www.berrobamban.com



REWIND
Uxía P. Vaello

Autores: Borja Fernández e Uxía P. Vaello
Dirección: Uxía P. Vaello / Elenco: Uxía P. Vaello e Borja Fernández / Xénero: Teatro adultos/Xestual

Rewind é un solo de teatro danza creado por Borja Fernández e Uxía P. Vaello.

Un intérprete recrea con 200 quilos de cartón un ambiente ficticio que é froito da transformación dos seus recordos da infancia, da distorsión da realidade, da vontade de ter nacido no lonxano oeste, ser fillo dunha estrela do country e ter sido un auténtico *cow-boy* de Salcedo.



SEMPRE QUIXEN BAILAR UN TANGO
Teatro Galileo

Autora: Teresa González / Dirección: Pedro Rubín
Elenco: Fernando Morán, Isabel Blanco, Ana Santos e José Lopez “Tanás” / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Unha traxicomedia deliciosa que non deixa indiferente a ninguén, e reflexiona sobre as cousas que deixamos sen facer e sen aprender ao longo da nosa existencia. Unha viaxe emocional por medio do humor sobre as cousas valiosas da vida. Un texto intelixente e uns actores excepcionais que nos farán rír, chorar, emocionarnos...

+ info. en: www.teatrogalileo.es



SHAKESPEARE PARA IGNORANTES
Producións Teatráis Excéntricas

Autoría: Shakespeare e outros / Dirección: Quico Cadaval / Elenco: Evaristo Calvo, Víctor Mosqueira e Quico Cadaval / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Mofa&Befa irrompen nunha académica conferencia sobre Shakespeare para por en primeiro plano as escenas máis ignoradas, por desidia ou falta de oportunidades, polo público actual. O riso máis cruel, as intimididades máis vergoñentas, os actos máis deshonestos e as vilanías máis astutas serán mostradas pola impiedosa máquina cómica de Mofa&Befa. Asasinos, xuíces, bufóns, cornudos, chivatos, racistas, oportunistas, chulos, torturadores, todas as personaxes que nunca teñen o protagonismo, terán agora a oportunidade de mostrarse no primeiro plano.



SO
Abada Teatro - Carlos Blanco

Autor: Carlos Blanco / Dirección: Carlos Blanco
Elenco: Carlos Blanco / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Só? Si. Só. / De jazz, feito coa palabra, coa luz. De humor, feito á man, artesán, unha artesá. A da risa. / Nun escenario, só, un cómico fala. / Carlos Blanco, centos e centos de actuacións, de risas, milleiros de gargalladas provocadas. / Só. Porque así nacemos e así morremos. / SOS. Porque o galego é a única lingua na que a soidade colectiva se representa cun sinal de socorro. / Sós, como en Manoel Antonio... / Só. E non é pouco. / O riso, a comedia, a vida vista cun toque de enxeño. / Só iso. / Só. / Apenas.

+ info. en: www.abada.es



TESTOSTERONA
Chévere

Autoría: Grupo Chévere / Dirección: Xron
Elenco: Patricia de Lorenzo e Natalia Outeiro “Pajarito”
Xénero: Teatro adultos/Outros

Obra que cuestiona a división normativa da sociedade en dous sexos e propón a posibilidade dun xénero de código aberto, *copyleft*, modificable e flexible. Ciencia, hormonas, leis, armarios, tecnoloxía, educación, natureza, industria, cultura, capital, *rock’ n’ roll*, política..., todo se confabula para artellar esta peculiar ditadura de xénero que nos domina. *Testosterona* é un exorcismo emancipatorio e teatral que se serve tanto da música en directo, a *performance*, o transformismo, a comedia, o naturalismo ou o vídeo, como do silencio, a pouca luz ou a simple blasfemia.

+ info. en: www.grupochevere.eu



UN CONDÓN POR SI LIGO!
Róber Bodegas

Autor: Róber Bodegas / Elenco: Róber Bodegas
Xénero: Teatro adultos/Comedia

Unha historia con forma de monólogo na que Róber lembra a chegada do seu despertar sexual, e como, gracias á intervención de personaxes tan dispares como Lorena Berdún, John Lennon ou Bruce Lee, conseguiu dar o paso de neno a home. Unha reflexión sobre os traumas adolescentes e inseguridades propias do momento.



UN MORTO MOI VIVO!
Produccións Acontrabutaca

Autor: Xosé Lueiro / Dirección: Xosé Lueiro
Elenco: Isi, Chus Picallo, Chelo do Rejo, Toño Pena

Disque a cobiza rachou o saco. E probablemente sexa certo. Polo si e polo non, cando, antes de morrer, Patricio organiza en compañía da súa muller todos os pormenores do seu enterro, pasa un pequeno detallliño por alto: revelarlle o lugar onde ten agochada a arca dos cartos, os aforros de toda unha vida. Tras a “aparente” morte do patriarca, familia, veciños e demais mangantes inician unha aloucada carreira por evitar que o cadáver marche cos cartos para a tumba. A consecución dos seus propósitos pasa por darlle cumprimento a unha das últimas vontades do defunto: chantarlle ao cadaleito catro craviños de prata.

+ info. en: www.culturactiva.org



WAKE UP
Nut Teatro

Autoría: Nut Teatro / Dirección: Carlos Neira
Elenco: Nerea Barros, Xiana Carracelas, Carlos Neira, Iria Sobrado, Arantza Villar / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

A partir do concepto “casa” Nut Teatro achégase a temas como a raíz, a identidade (cara), así como aos seus antónimos conceptuais: desenraizamento, perda da dignidade e posterior animalización (máscara). *Wake up* é unha cacería que dura uns poucos minutos... os suficientes para vulgar ao individuo, animalizalo arrincándolle a dignidade e metelo nunha gaiola de ouro para autocompracerse.

+ info. en: www.nutteatro.es



Z
Sergi Fäustino

Autores: Cristina Nuñez, David Espinosa, Miguel Ángel Altet e Sergi Fäustino / Dirección: Sergi Fäustino
Elenco: Sergi Fäustino / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Cuarta creación de Sergi Fäustino, que se presentou no ciclo Radicals Lliure de Barcelona, sempre dentro da liña de traballo de levar a vida real ao escenario. Esta vez o tema de fondo é a inutilidade, os tópicos e os zombies, dentro da filosofía das series B, pero en teatro.

+ info. en: www.martaoliveres.com



A CAIXA DE MÚSICA
Viravolta Títeres

Autoría: Viravolta / Dirección: Anxo García
Elenco: Pilar Álvarez, Xulio Balado, Anxo García
Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Tras *Historia do soldado e Paxaro de lume*, Viravolta presenta un novo espectáculo musical. Nesta ocasión recorre a unha historia propia e a unha música creada especificamente por Ermitas García Ríos, arranxista das anteriores obras. Unha combinación de monicreques de mesa e luz negra con música para trío de piano, violín e clarinete interpretada por Xosé Manuel Yáñez, Mariola Gil e Beatriz Rodríguez Caridad. Cecilia e Salterio estragan xogando a caixa de música de Calderón, un músico ambulante. Pesarosa e arrepentida Cecilia tratará de arranxala recuperando os sons que escaparon dela, aprehendendo distintas combinacións de sons, que viven nunha gran “caixa de música”.

+ info. en: www.viravolta.es



A PEQUENA LÚA
A Xanela do Maxín

Autora: Celtia Figueiras / Dirección: Luis Vallecillo
Elenco: Celtia Figueiras / Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Unha proposta chea de tenrura e amor, na que os nosos protagonistas, uns pequenos gatos, descubrirán que con comprensión, esforzo e moita ilusión se pode superar calquera dificultade.

+info. en: www.axaneladomaxin.com



A RAPAZA DOS MISTOS

Katarsis, Educación e Teatro

Autor: Hans Christian Andersen / Dirección: Omar Álvarez, Rafael Curci / Elenco: Omar Álvarez
Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Un home que chega a un lugar –a súa casa tal vez– para refuxiarse dun Nadal frío, incerto e solitario. Os regalos que descobre precipítano a un universo onde as bonecas máis finas, distantes e delicadas se destacan case sen querer. O espectáculo propónlle ao espectador un traballo onde a historia vaise tecendo sen palabras.

+ info. en: www.omaralvareztiteres.com.ar
e www.katarsiseyt.com



A RÚA DAS PANTASMAS

Títeres Cascanueces

Autor: Javier Villafañe / Dirección: Lázaro Duyos Jordán
Elenco: Lázaro Duyos Jordán / Xénero: Teatro infantil/
Monicreques

Esta é unha aventura máis do valente Xanciño e a espilida María. Acontece que a casa de María está a ser visitada por aparicións, pantasmas e mesmo demos. Só o enxeño de María e as picardías de Xanciño lograrán vencelos e desenmascaralos.

+ info. en: www.titerescascanueces.net



A VERDADEIRA HISTORIA DOS TRES PORQUIÑOS E O LOBO FERÓZ

Teatro del Andamio

Autor: Álvaro Guevara / Dirección: Pablo Nojes
Elenco: Gema Ulloa, Nacho Martín / Xénero: Teatro infantil/Comedia

Espectáculo de actores e obxectos que narra a verdadeira historia dos tres porquiños... mellor dito, dos dous porquiños e a súa irmá, una porquiña moderna, intelixente e loitadora. Unha visión actual que defende dous principios fundamentais: a igualdade e a solidariedade.

+ info. en: www.teatrodelandamio.com

TÍTERES TROMPICALLO

VIOLETA CONTRA AS

A PROPOSTA MÁIS RECENTE DE TÍTERES TROMPICALLO

EXPLORA UN TEMA MOI RECOÑECIBLE: OS CAMBIOS NO COTIÁN E NO AFECTIVO QUE DEBE ASUMIR UNHA NENA COA CHEGADA DO SEU PRIMEIRO IRMÁN.

PARA CONTAR ESTA HISTORIA, QUE TAMÉN FALA DO PODER TRANSFORMADOR QUE TEN O SOÑO, O TÁNDEM QUE COMPOÑEN MARIÁN GONZÁLEZ E LUÍS GONZÁLEZ ELIXIU SOLUCIÓNS ESCÉNICAS COMPLEXAS PARA INNOVAR NO EIDO DO BONECO DE LUVA.

AO TEMPO, O ARTISTA QUIQUE BORDELL DOTOU A MONTAXE DUNHA FORTE PERSONALIDADE ESTÉTICA, AFASTADA DAS CONVENCÍONS DO TEATRO INFANTIL E ABEIRADA NA CARGA EXPRESIVA DOS BONECOS.



TAS SALCHICHAS GULPI



BICHARADA

Berrobambán Teatro

Autoría: Berrobambán / Dirección: Evaristo Calvo
Elenco: Paula Carballeira, Chiqui Pereira e Anabell Gago
Xénero: Teatro infantil/Outros

Unha araña e unha formiga viven tranquilas na paz do seu recuncho. Ata que un día aparece un animal misterioso... Un escaravello! Desde a primeira luz, o público –nenas e nenos, grandes e pequenos– entra no mundo de *Bicharada*, gozando e sentindo unha historia tan máxica como simple, tan sincera como divertida, tan imaxinaria como real.

+info. en: www.berrobamban.com



CHINCHA RABINCHA

A Xanela do Maxín

Autora: Celtia Figueiras / Dirección: Luis Vallecillo
Elenco: Celtia Figueiras / Xénero: Teatro infantil/Monireques

Nesta obra veremos como se entrelazan as vidas dun pallaso paroleiro, dun bruxo pintor de sonhos e dun vergonzoso cativo para dar fin aos pesadelos que atormentan os/as nenos/as pola noite. Personaxes entrañables que encarnan a inocencia, a sabedoría e a bondade, e que teñen moito que aprender os uns dos outros para, unidos, rematar cos medos e, así, facer desaparecer os pesadelos.

+info. en: www.axaneladomaxin.com



CONTOS MARIÑEIRO

Ghazafellos

Autor: Pepablo Patinho Penya / Dirección: Pepablo Patinho Penya / Elenco: Pepablo Patinho, Montse Piñón e Jorge Casas / Xénero: Teatro infantil/Contemporáneo

A Bestarruza foi a pique cando faenaba no Ortegal... A filla dun dos mariñeiros non pode durmir á espera do bico do seu pai... Decide saír na súa procura, a bordo do seu barquiño... ou cama... soño... Unha viaxe que a levará por distintos faros da costa galega onde coñecerá estraños personaxes que a guiarán ata a Arriola verde... Unha obra para todos os públicos e recomendada para os máis pequenos, onde os Ghazafellos se achegan á nosa cultura mariñeira fomentando o respecto e interese polo mar.

+ info. en: www.ghazafellos.es



CÓSIMA
Sarabela Teatro

Autor: Chris Baldwin / Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda
Elenco: Fernando Dacosta, Tito R. Asorey, Sabela Gago e Elena Seijo / Xénero: Teatro infantil/Comedia

Unha nena marcha vivir a unha árbore, fuxindo dun pai autoritario e distante. No seu refuxio, a nena continúa comunicándose con súa nai, a pesar da oposición do pai, grazas a unha linguaxe de signos que inventan entre elas; ademais, recibe as visitas dunha amiga que lle leva comida e do seu novo amigo, Papaguano, coidador de paxaros. Ao final a nena convida ao seu pai a subir á árbore, amosándonos a transformación que se produciu nela despois da viaxe iniciática que causa a fuxida.

+info. en: www.sarabelateatro.com



CUENTO DE BRUJAS
Teatro Mutis

Autor: Carlos Hernández Camacho / Dirección: Carlos Hernández Camacho / Elenco: Paloma Hernández, Raul Marcos e Fernando Cárdbaba / Xénero: Teatro infantil/ Outros

Cando a bruxa Casilda e as súas amigas Ajilda e Brunilda tratan de salvar ao mozo Lucio, mordido por un dragón venenoso, son sorprendidas polos cazabrujas que, como sempre, as perseguen. Esta vez culpanas da última derrota dos exércitos do duque. Ajilda e Brunilda son atrapadas. Casilda e Brunilda son atrapadas. Casilda terá que liberarse dos cazabrujas e buscar o modo de salvar ao rapaz e rescatar ás súas amigas. Unha visión peculiar do misterioso mundo das bruxas con aventuras divertidas, personaxes fantásticos e moitas sorpresas.

+ info. en: www.teatromutis.com



EL FALDÓN DE LA LOCURA
La Pícara Locuela Títeres

Autora: Sonia Zubiaga, baseado en textos de Javier Villafañe / Dirección: Sonia Zubiaga Hernán
Elenco: Sonia Zubiaga Hernán / Xénero: Teatro infantil/ Monicreques

Un espectáculo de monicreques de luva con teatro ambulante. A novidade deste espectáculo é o xeito de representar as obras de monicreques de luva de carácter popular. É un Bululú ou comediante solista, representa o seu repertorio de monicreques sobre si mesmo, nun retablo ambulante que está formado polo seu propio faldón. Dentro de tan peculiar escenario interpreta dúas das obras máis populares deste xénero: *El pícaro burlado* e *El panadero y el diablo*.

+ info. en: www.picaralocuela.com



A chegada de Lois interrompe de socate a apracible vida de Violeta. Semella cousa do demo que unha cousa tan cativa lle poida dar volta a canto sucede na casa: biberóns, cueiros, choromicadas... Os seus pais xa non atenden a outra cousa. E non lles abonda con dirixiren toda a atención cara ao cativo, senón que aínda existen de Violeta que teña conta del. Antes de Lois vivíase mellor, abofé.

Velaquí o pretexto argumental de *Violeta Coletas contra as salchichas Gulp!*, a mon-taxe máis recente de Títeres Trompicallo. Vista xa en varias localidades galegas desde o verán pasado, a obra obtivo unha excelente acollida na última Feira Galega das Artes Escénicas, que se celebrou en Santiago no mes de outubro. Esta peza, que está escrita a catro mans por Marián González e Luís González con dirección escénica da primeira, renova unha cons-tante na traxectoria da compañía: no es-cénico e no artístico, ningunha nova obra deles se asemella ás anteriores.

**“QUIXEMOS LEVAR
O MONICREQUE DE LUVA
A ESCENARIOS QUE
NORMALMENTE NON
LLE CORRESPONDEN”**

Violeta Coletas divídese en tres partes: unha escena costumista que presenta o conflito, o soño de Violeta como símbolo da maduración e a volta á realidade no marco dunha nova orde. A escena do soño –un pesadelo, para ser exactos– é a trave-sía do deserto particular da cativa, que sae dela preparada para asumir os cam-bios e liberarse de malos hábitos relacio-nados coa alimentación, o exceso de tele-visión ou a evasión de responsabilidades.

Os referentes teatrais, fílmicos ou lite-rarios son abondosos no repertorio de Trompicallo. Nesta ocasión, a trama pro-cede de *Dentro do labirinto*, o filme que realizou Jim Henson en 1986. “De aí tira-mos a idea da maldición que se lle cum-pre á nena, quen debe enfrontarse logo a esa maldición e mais aos seus propios desexos”, apunta Marián González. Hai tamén chiscadelas á Carapuchiña Verme-lla e unha homenaxe evidente a Mr. Punch –o popular monicreque inglés con porra-encarnada no personaxe de Gulp.



Viaxe onírica por distintos escenarios

O dispositivo escénico é complexo: no inicio trátase dun sinxelo teatro de luva, que logo muda de forma e volumes e vai dando lugar a distintos escenarios ao longo da viaxe onírica. “Quixemos levar o monicreque de luva a escenarios que normalmente non lle corresponden”, di Marián. “Unha vez que abandona o teatriño que lle é propio, este pasa a relacionarse con outras clases de bonecos”. Monicreques planos, de vara, de mesa ou de técnica mixta mestúranse con bonecos de luva, como os de *Violeta* ou Lois.

Pero o sinal central de identidade en *Violeta Coletas* descansa no apartado da arte. Trompicallo pediulle a Quique Bordell que se ocupase de deseñar e construír os decorados e os bonecos, coa posterior axuda de Marián na parte técnica. A estética do artista lugués, comparada adoito coa Arte Marxinal ou co Art Brut de Dubuffet, imprimiu nestes monicreques unha personali-

“CANDO EMPEZAS A TRABALLAR NUN TEXTO, ESTE PÍDECHE A TÉCNICA QUE VAS EMPREGAR E MESMO O EQUIPO HUMANO QUE O VAI DESENVOLVER”

dade fóra do común, oposta á habitual natureza amigable dos bonecos para obra infantil. Di Marián que “cando empezas a traballar nun texto, este pídeche a técnica que vas empregar e mesmo o equipo humano que o vai desenvolver”. O texto de *Violeta Coletas*, por fin, pediu a Quique Bordell. Malia o arriscado da proposta, os bonecos teñen “unha carga dramática que os fai moi especiais, e iso para nós é ouro”.

Da manipulación na escena ocúppanse Luís González e Sabela Amado Rojo. A música é de Nacho Sanz, compositor habitual para a compañía. A obra dura uns 55 minutos e está pensada para idades a partir dos catro anos, pero detéctase un propósito de ofrecer distintos niveis de lectura para un público amplo. A boa acollida obsérvase nos espectadores e confírmase na contratación: no marco da Feira das Artes Escénicas, Trompicallo asinou unhas 30 funcións e continúa pechando datas. O porvir de *Violeta Coletas* preséntase favorable para 2010.



FRANKENSTEIN Ghazafellos

Autoría: Ghazafellos / Dirección: Pepablo Patinho
Elenco: Pepablo Patinho, Montse Piñón, Jorge Casas
Xénero: Teatro infantil/Comedia

Que pode agocharse tras un castelo escuro perdido no medio das montañas...? Quizais algo que non quere ser descuberto ou quizais algo que espera que o descubran... A Dra. Mon Champignon e o Dr. Pe Arrepío veranse inmersos nunha nova aventura aterradora nas entrañas dun castelo onde nada é o que parece... Ghazafellos parte dun clásico como Frankenstein para afondar nas diferencias que, ás veces, nos fan sentir mal...

+ info. en: www.ghazafellos.es



GLUB, GLUB Caramuxo Teatro

Autor: Juan Rodríguez / Dirección: Juan Rodríguez
Elenco: Juan Rodríguez / Xénero: Teatro infantil/Outros

Caramuxo Teatro presenta o primeiro espectáculo de teatro para bebés realizado en Galicia. É unha motaxe para nenos de 6 meses a 3 anos acompañados por adultos. *Glub, glub* conta a historia da amizade entre un barquiño de papel afundido no fondo do mar e un peixe rebuldeiro. Unha montaxe chea de estímulos e cunha linguaxe sinxela, case xestual que introduce aos máis novos nunha aventura fantástica e sorprendente. Unha oportunidade para gozar cos fillos da primeira viaxe polo mundo do teatro.

+info. en: www.caramuxo.net



HAMLETÍN Telón Partido

Autor: William Shakespeare / Dirección: Raquel Pintos Rosendo / Elenco: Dani Moldes e Raquel Pintos
Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Hamletín non é unha obra ao uso, é unha adaptación para nenos do clásico *Hamlet* de William Shakespeare. O protagonista da obra é Hamlet, pero visto dende a dozura dun neno. No mundo de *Hamletín* a traxedia de Shakespeare toma trazos de inocencia, transportando ao espectador a un mundo máxico, onde se atopa cun príncipe namorado, unha caveira tola, un rei malvado, unha pantasma que baila éxitos do verán... No mundo de *Hamletín* aínda existen valores tan importantes como o amor, a amizade, a coraxe e a lealdade.

+ info. en: www.telonpartido.com



LA GALLINA CHURRA

La Gotera de Lazotea

Autora: Eva Serna / Dirección: La Gotera de Lazotea
Elenco: Eva Serna, Juan Manuel Benito / Xénero: Teatro infantil/Contemporáneo

Podédesme dicir que tería que facer unha asustada galiña para esconderse de Dona Culebra? Non o sabedes? Menos mal que Ratorratón, o máis popular de todos os animais de granxa, ten unha desbordante imaxinación e unha irrefreable afección polos disfraces.
+ info. en: www.lagoteradelazotea.es



LUME

Teatro Babaluva

Autoría: Inspirado nun texto de Alberto Varela Ferreiro
Dirección: Mariza Basso / Elenco: Larraitz e Mirari Urruzola / Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Nun bosque onde vivían moitos animais algo pasou que fixo ladrar ao can.... Unha lapa chegou con ganas de facer lume e fume. O can chamou á vaca, a vaca ao cervo, o cervo á xabarila, a xabarila á landra, a landra preocupada foi buscar ao moucho que avisou a araña. A araña viu ao ourizo, o sapo alertou á garza que estaba comendo miño-cas. A eiruga falou coa bolboreta, voluntariosas chegaron a vacaloura e o esquivo. E así foi como axudándose uns aos outros prepararon un plan para apagar o lume.



MENOS LOBOS

Talía Teatro

Autor: Artur Trillo / Dirección: Artur Trillo
Elenco: Rosi Barcala, Marta Ríos, Xurxo Barcala e Gustavo G. Dieste / Xénero: Teatro infantil/Comedia

Jennifer, Christopher e Jonathan son tres nenos de sete anos que van á casa da súa amiga Jessica a celebrar o seu aniversario, pero que se atopan coa noticia de que a festa é mañá. *Menos lobos* é un espectáculo áxil onde o ritmo trepidante dos seus diálogos intentará en todo momento captar a atención do público infantil.
+ info. en: www.taliateatro.es



MOWGLI – EL LIBRO DE LA SELVA

La Carreta Teatro

Autor: Baseada nun texto original de Rudyard Kipling
Dirección: Francisco Pérez Guirado / Elenco: Francisco Pérez Guirado e Manoli Montalvo Coronado
Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Todo un clásico que reflicte comportamentos e valores humanos, como a amizade, a xenerosidade ou o rencor. Unha historia que xira sobre a aceptación e o respecto ás diferentes razas e especies. Unha reflexión sobre o equilibrio e as leis da natureza. Na historia, Mamá Loba está coidando dos seus lobatos, cando por casualidade atopa a Mowgli, o pequeno neno da selva. Dálle de mamar, cóidao e educao, como a outro lobiño máis...
+ info. en: www.agada.es



NASNUBES

Almacabra Teatro-Circo

Autor: Almacabra Teatro-Circo / Dirección: Gonçalo Guerreiro / Elenco: Yolanda Paz, Vanessa Maceiras, Sue Moreno, Jesús Graña Mendiña / Xénero: Teatro infantil/Outros

NasNubes están os sonhos, a poesía, o misterio, a maxia e o abraio.
+ info. en: www.almacabra.com



O ESPELLO DE FRANCISQUIÑA

Danthea Teatro

Autores: Carlos Clemente MG e Begoña Rosende Vázquez
Dirección: Carlos Clemente / Elenco: Carlos Clemente, Anxo Rodríguez, Begoña Rosende / Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Un vello, un espello, a súa filla e dous pintores. A lea está servida.
A avaricia dun vello e a vaidade dunha rapariga que quere inmortalizar a súa face aínda que a súa beleza estea na súa cabeza; e dous artistas con moitas aristas.



O REI DOS MARES

Pinga Teatro

Autores: Miquel Condal, Suso Pando / Dirección: Miquel Condal / Elenco: María Carrera, Miquel Condal, Suso Pando / Xénero: Teatro infantil/Outros

Quintiño é un neno moi imaxinativo; de feito, vive máis tempo nas nubes que na terra. Pero unha das cousas que máis lle gusta é pasar a fin de semana co seu avó e navegar no seu barco ‘O rei dos mares’. Pola noite, e como é costume antes de durmir, o seu avó cóntalle a lenda da Serpi, Felicio e o Capitán. Quintiño pecha os ollos ao tempo que embarca nunha viaxe ao mundo dos sonhos.
+ info. en: www.pingateatro.com



OS BOLECHAS

Caramuxo Teatro

Autores: Juan Rodríguez, Laura Sarasola e Pepe Carreiro / Dirección: Juan Rodríguez e Laura Sarasola
Elenco: Xose Esperante, Juan Rodríguez e Laura Sarasola
Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Caramuxo Teatro presenta o gran éxito editorial galego: Os Bolechas, unha comedia musical con monicreques. Un espectáculo que amosa un día na vida desta divertida familia, onde coñecemos as ocorrencias do pequeno Tatá, as travesuras de Chispa, a Braulio e Sonia, as xemelgas Pili e Lori, e a Carlos, o máis vello dos irmáns.
+ info. en: www.caramuxo.net



OS CONTRACONTOS DE TALYTA E KUMY

Talytakumy

Autoría: Talytakumy / Elenco: Joshua Mc Carey, Paulina Funes Alonso / Xénero: Teatro infantil/Comedia

Talyta e Kumy chegan ao sitio crendo que se atoparán cunha festa para velliños da terceira idade. Cando saen da súa caixa máxica, para a súa sorpresa, atopan nenos e, sen saber que facer, deciden decontado saír do apuro converténdose en pequenas marionetas que narrarán os contos clásicos infantís. Máis axiña se decatan de que a distribución de personaxes, un tanto disparatados, lles dará a volta aos seus propios contos en “contracontos”: a bruxa de Brancaneves comerá a mazá, Caperuchiña Vermella levará o lobo á casa da súa avoa para cear, etc.
+ info. en: www.talytakumy.com



PACAMA

Katarsis, Educación e Teatro

Autores: Carolina Ramos, Kevin Stewart
Dirección: Omar Álvarez / Elenco: Kevin Stewart, Pablo Sánchez, Sue Moreno, Estíbaliz Veiga / Xénero: Teatro infantil/Xestual

Un espectáculo non verbal para rapaces a partir de dous anos. Dous amigos descubren un mundo de aventuras no seu cuarto que lles distrae do sono. A lúa e as estrelas son o marco deste espazo tan divertido e acoledor en que apetece xogar... e descansar.
+ info. en: www.omaralvareztiteres.com.ar e www.katarsisseyt.com



PAXARO DE LUME

Viravolta Títeres

Autoría: Viravolta / Dirección: Anxo García Fernández
Elenco artístico: Pilar Álvarez, Xulio Balado e Anxo García
Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Viravolta presenta un novo espectáculo musical, a partir do conto ruso *O paxaro de lume* e da música de Stravinsky. Unha simbiose de espectáculo de marionetas e concerto dirixido aos nenos, maiores, melómanos... A música, para trío de piano, violín e clarinete, é interpretada en escena por Firebird Project. O príncipe Iván, o máis pequeno dos fillos do rei, vai en busca do paxaro de lume, do que seu pai quedou prendado ao escoitar o seu canto no xardín. Antes xa partiran os seus dous irmáns, pero nunca se soubo nada do que lles ocorreu.
+ info. en: www.viravolta.es



PINGUEIRAS E TARTEIRAS

Teatro del Andamio

Autora: Teresa González Costa / Dirección: Álvaro Guevara / Elenco: María Lodeiro, Anxo Tirado, Santi Romay, Gema Ulloa e Nacho Martín / Xénero: Teatro infantil/Comedia

No Castelo Grisallo todo é gris: desde o maimiño da raíña ata a súa cunca de porcelana inglesa. E tamén chove moito. A Súa Maxestade xa está cansa de colocar tarteiras debaixo das pingueiras. Pero un día chega pola porta a Compañía do Paraugas. Pouco a pouco os membros desta compañía de circo –que outrora fora esplendorosa– daranlle cor a tanta monotonía. E farán que a mesma choiva soe a música: a música das pingueiras nas tarteiras. Esta obra de Teresa González Costa foi recoñecida co Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil 2008.
+ info. en: www.teatrodelandamio.com



POLGARIÑO & CÍA
Artello Teatro Alla Scala 1:5

Autores: Rosa Hurtado e Santiago Montenegro
Dirección: Manuel Pombal / Elenco: Rosa Hurtado Santiago Montenegro / Xénero: Teatro infantil/ Monicreques

Na memoria colectiva de todos os pobos hai historias que nos falan dun ser humano débil e pequeno que, coa súa intelixencia, xenerosidade e audacia, é quen de librar ós seus dos inimigos máis terribles, sexan estes xigantes, cíclopes ou ogros. Mais para nós, ben por ser o primeiro que coñecemos, ben polo xeito en que o mestre Perrault nos contou a súa historia, é Polgariño o noso favorito entre os heroes clásicos. E aquí estamos, xogando con seixos e miguiñas, deixándonos perder no bosque, probando as botas de Sete Leguas...

+ info. en: www.artello.com



REDOBLANTE E MEÑIQUE
Títeres Cascanueces

Autor: Francisco Garzón Céspedes / Dirección: Armando Morales / Elenco: Lázaro Duyos / Xénero: Teatro infantil/ Monicreques

Baseada na obra de Laboulaye e na versión de José Martí para *La edad de oro*, esta é a historia do pequeno e sabichón Meñique, onde se ve que o saber vale máis que a forza.

+ info. en: www.titerescascanueces.net



ROSALÍA, A PULGA QUE ESCRIBÍA
Galitoo

Autora: Andrea Bayer / Dirección: Andrea Bayer, Santiago Alonso / Elenco: Santiago Alonso Xénero: Teatro infantil/ Monicreques

Había unha vez, unha pulga moi, moi pequena: Rosalía. Rosalía escribe unha carta cada día. Métea nun sobre, ponlle un selo e mándaa por correo. Bruno, o Canguro, un carteiro moi especial, encárgase en persoa de levarlla aos seus destinatarios... e lérllela. Á señora Toupa porque non ve. A Dona Xirafa porque perdeu as gafas. Á ovella porque non sabe ler. Ao señor Ratón porque lle encanta que lle lean. E a Mr Elefante porque só sabe ler en inglés. Unha obra de monicreques sobre mesa.

+ info. en: www.galitoo.com



RÚA AIRE
O Retrete de Dorian Gray

Autoría: O Retrete de Dorian Gray / Dirección: O Retrete de Dorian Gray e Jordi Farres / Elenco: Marcos PTT Carballido e Ezra Moreno / Xénero: Teatro infantil/Outros

O Retrete de Dorian Gray en coprodución co Centro Dramático Galego presenta... Unha vetusta máquina de procesado e inflado de globos... / Unha xénese nada máis empezar... / Un puñado de globos emperrados en vivir... / Unha ducha accidentada... / Unhas malvadas tesoiras de ideas fixas... / O vento que chama á porta... / Un país vítima dunha praga de bolsas de plástico... / Un bombín con patas... / Un final que coincide coa conclusión da obra... / E iso. (Polo medio, algunha cousa máis...)



SALTIMBANQUIS
Teatro do Morcego

Autor: Irmans Grimm / Dirección: Celso Parada Elenco: Mundo Villalustre, Iolanda Muiño, Blanca Cendán, Mighello Blanco, Serginho / Xénero: Teatro infantil/Musical

A peza ten como protagonista un burro, que, cansado da explotación e dos malos tratos do patrón, decide abandonar a facenda onde traballaba, na procura de mellores condicións de vida. No camiño á cidade, encontra un can e unha galiña que foxen polo mesmo motivo, xunto cunha gata, á que botaron da casa porque pasara a noite cantando. Unidos contra a tiranía dos donos, deciden formar un conxunto musical e parten cara á cidade dos sonhos, compoñendo belas cancións.



SOMBREIROiros SEN CHAPEU
Tanxarina Títeres

Autoría: Tanxarina / Dirección: Eduardo R. Cunha “Tatán” e Miguel Borines / Elenco: Miguel Borines, Andrés Giráldez, Eduardo R. Cunha “Tatán” Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Tres sombreiroiros, construtores de sombras, lévan-nos da súa man a un espectáculo músico-visual composto de pequenas historias onde personaxes como Charlot, o camiñante, a cantante de ópera, o manipulador de marionetas... e outros van facer as delicias de pequenos e grandes.

+ info. en: www.tanxarina.com



TÍPICO TÓPICO
Títeres Cachirulo

Autor: Jorge Rey / Dirección: Jorge Rey / Elenco: Jorge Rey e Carmen Domech / Xénero: Teatro infantil/ Monicreques

Espectáculo cómico-musical de variedades baseado no folclore andaluz no que, da man de diferentes tipos de marionetas, asistimos a unha praza de touros e a un taboado flamenco, acompañados por turistas xaponeses.

+ info. en: www.titerescachirulo.com



TRISTÁN CARA DE CAN
Elefante Elegante teatro

Autores: María Torres e Gonçalo Guerreiro Dirección: María Torres e Gonçalo Guerreiro Elenco: María Torres e Gonçalo Guerreiro Xénero: Teatro infantil/Xestual

Un espectáculo visual dirixido ao público máis novo. *Tristán* é unha comedia xestual interpretada ao estilo dos debuxos animados. *Tristán cara de can* pasa os días ladrando, sen que o máis pequeno sorriso se debuxe nos seus beizos. Pero un día... dentro dunha misteriosa caixa, aparece unha boneca de trapo que vai tentalo todo para facer rir o noso personaxe. Será ela capaz?

+ info. en: www.elefanteelegante.net



UNHA ROSA NO XARDÍN
Pinga Teatro

Autor: Miquel Condal / Dirección: Miquel Condal Elenco: María Carrera, Miquel Condal / Xénero: Teatro infantil/Outros

Un bo día, unha rosa nace no xardín dunha casa antiga e abandonada; alí coñecerá un can pouco ladrador tan antigo como a casa, Can Can; uns paxariños un pouco enleantes, Coto e Loro, e unha serpe moi simpática, ou, máis ben, dúas serpes: Serpe de Serpentes e a aventureira Serpentiña de Cerveira (“Tiña”, para os amigos). Todos eles vivirán unha historia chea de emocións e momentos persoais e non tan persoais...

+ info. en: www.pingateatro.com



VIOLETA COLETAS CONTRA
AS SALCHICHAS GULP!

Títeres Tropicalllo

Autoría: Tropicalllo / Dirección: Marian González Elenco: Sabela Amado Rojo e Luís González Xénero: Teatro infantil/Monicreques

A Violeta non lle gusta estudar, a Violeta gústalle ver a tele. / A Violeta non lle gustan as acelgas, a Violeta gústalle as salchichas. / A Violeta non lle gusta Sarita, a Violeta gústalle Miguel. / A Violeta non lle gusta que a súa nai lle dea ordes, a Violeta gústalle escoller. / A Violeta non lle gusta que o seu pai a trate como a unha nena, Violeta quere crecer. / A Violeta non lle gusta o seu irmán... aínda que un extraordinario suceso fará que cambie de opinión.

+ info. en: www.tropicalllo.com



DA'KARA
Dani García

Autor: Dani García / Dirección: Flor Maceiras Elenco: Dani García, Abigail Montiel, Mateo González Xénero: Maxia

No mundo de Da'kara xúntanse os grandes efectos da maxia: persoas que aparecen e desaparecen, o mago atravesado pola súa axudante, levitacións imposibles, maxia argumentada, humor e participación do público e moito misterio nun espectáculo onde os grandes aparellos de maxia son os protagonistas. Tres actores en escena dan vida a unha realidade que non é, xogan coas leis da física e do posible. Unha obra dirixida pola actriz Flor Maceiras con un coidado tratamento do público e das situacións.



ILUSIONARTE
Mago Marttyn

Autor: Martin Andersen / Dirección: Martin Andersen Elenco: Martin Andersen / Xénero: Maxia

IlusionArte é o espectáculo estrela do Mago Marttyn. Leva con el dende os seus comezos, e non hai forma de separalos, xa que onde van sementan ilusión, e volven cun éxito. Cada ano o espectáculo renóvase e perfecciónase.

+ info. en: www.magomarttyn.com



*Xogando cos xestos do día a día,
procurando a música que vive nos movementos,
deixando que soe a danza e que se sinta...
cos sentidos todos. Cada mínima acción
é de cada intérprete e cada intérprete
creou o seu propio espazo sonoro
para contribuír a un espectáculo colectivo
no que tamén participa o público.*

Concerto desconcerto

ENTREMÁNS

*Alexis Fernández, Kirenia Martínez,
Armando Martén e Caterina Varela andaron
na procura do ritmo interior dos seus recordos
e a indagar nas súas historias vividas para,
a partir de propostas persoais, crear o universo
compartido de Concerto desconcerto,
unha coprodución da compañía de danza
Entremáns e o Centro Coreográfico Galego.*



sentos o movementos? escóitao... é danza!

Como soa o pasado? A que sabía aquel día do que non lembrás a data? A que ole ese amigo que hai tanto que non ves? Os sentidos axúdannos a descubrir, a lembrar... e Entremáns quixo agudizalos e convertelos en protagonistas, xa que non adoitan selo nunha peza de danza contemporánea.

O proceso creativo do que xurdiu *Concerto desconcerto* desenvolveuse a partir da unión de motivacións e propostas persoais diferentes: unha música, un texto, unha pintura... e o resultado final deste traballo de experimentación resultou ser o que quedou da unión de cada unha das propostas individuais.

Aínda que a improvisación representa un papel importante, o movemento da peza

“FAI QUE TE MOVAS NA BUTACA E QUE PRESTES MÁIS ATENCIÓN PORQUE HAI ALGO QUE ESTÁS PERDENDO, QUE PASOU E QUE NON PUIDECHES VER, PERO QUE INTÚES...”

foise construíndo a través dunha estudada indagación interior, dunha investigación personalizada dos xestos cotiás que habitan no día a día, pero tamén dos recordos, das vivencias, das decisións, do reencontro co pasado, da historia vivida... En todo isto atoparon movemento os intérpretes de Entremáns, e foi aí onde descubriron a música que nacía dos seus corpos. Son eles e elas os que desarticulan o espazo escénico formal para transformar toda a sala nun espazo sonoro común no que se poida escoitar a danza.

A música das mans, dos pés, dos corpos a bater, da respiración, da auga cando cae, da rozadura dunha man na roupa, dun tambor, dun berimbau... Os sons executa-

dos ao vivo e outros elaborados de antemán conforman a música deste espectáculo, eixe fundamental da peza. Os temas foron creados persoalmente para cada escena, logo da indagación do mundo sonoro de cada bailarín e do seu propio movemento, e co asesoramento musical da artista galega Mercedes Peón, sempre a investigar e experimentar.

Hai escenas onde a escuridade é case absoluta para obrigar os ollos a sentir a inqueda que produce non poder ver e para centrar o público nos sons, proporcionándolle dese xeito un espazo para que xere as súas propias imaxes. Os espectadores fican así nese estado de alerta que, conta Kirenia Martínez, “fai que te

movas na butaca e que prestes máis atención porque hai algo que estás perdendo, que pasou e que non puidiches ver, pero que intúes...”.

E así, do mesmo xeito que se xoga co oído e coa vista, entran tamén en escena o resto dos sentidos. Cando o espectáculo comeza, a sala xa ole a café. Imposible ficar indiferente ante un arrecendo que trae sensacións implícitas: “Co café compartes e espertas e aquí prodúcese algo parecido, a actitude do espectador xa cambia ao

principio de todo”. O tacto? Pasada media hora, os intérpretes desta peza reparten avións de papel entre o público, delicadas pezas que unha hora despois voan pola sala dobrados, torcidos, feitos farrapos, vítimas da tensión e do paso do tempo nas mans dos espectadores. E o gusto? Cando o ambiente xa está relaxado, chega o momento de sacar a botella de ron cubano. É entón cando o protagonista é o público, o pulso da escena marcarao xa a súa resposta, o seu silencio, a súa inque-

DO MESMO XEITO QUE SE XOGA CO OÍDO E COA VISTA, ENTRAN TAMÉN EN ESCENA O RESTO DOS SENTIDOS. CANDO O ESPECTÁCULO COMEZA, A SALA XA OLE A CAFÉ

danza, os seus risos, os seus comentarios, as súas miradas... Chega o momento da sinceridade.

En *Concerto desconcerto*, Alexis Fernández asume a dirección artística coa asistencia de Kirenía Martínez, nunha peza en que ambos soben ao escenario xunto a Armando Martén e Caterina Varela. A presenza de tres persoas de Cuba –a cuarta é galega– maniféstase sobre o escenario como “unha aura de nostalgia”, e así o conta Kirenía: “*Concerto* ten ese toque caribe-



ño propio dos cubanos, ese *tumbao* que suxire frescura e ritmo, ese falar alto e musical, a cadencia das cadeiras, a xestualidade ampla e atrevida, o arrecendo a tabaco, bolero e ron”.

Creación colectiva a partir da experiencia individual

Creada no ano 2005 polos cubanos Armando Martén, Ana Beatriz Pérez, Kirenia Martínez e Alexis Fernández, aos que se

sumou despois Caterina Varela, Entremáns é unha compañía galega que viu recoñecido o seu traballo en numerosas ocasións. Obtivo, entre outros, galardóns como o Primeiro Premio do Certame de Creación Coreográfica de Galicia, en 2006, por *En la cuenca de tus ojos*; o Primeiro Premio do Certame Internacional de Coreografía Burgos-New York, no mesmo ano e polo mesmo traballo; ou o Primeiro Premio do Público no XXII Certame Coreográfico de Madrid, en 2008, por *Ven*.

**É ENTÓN CANDO
O PROTAGONISTA É O PÚBLICO,
O PULSO DA ESCENA
MARCARAO XA A SÚA
RESPOSTA, O SEU SILENCIO,
A SÚA INQUEDANZA,
OS SEUS RISOS, OS SEUS
COMENTARIOS, AS SÚAS
MIRADAS...**

O labor en común que realizaron para *Concerto desconcerto*, lonxe de ser unha excepción ao seu método de traballo habitual, é o seu particular sinal de identidade. Entremáns, que non busca definirse nun único rexistro, crea as súas pezas partindo dunha dirección artística colectiva na que prima o discurso e a experiencia de cada un dos intérpretes e cun proceso creativo que nutre o conxunto partindo das diferentes achegas persoais.





MOMENTOS MÁXICOS

Mago Rafa

Autor: Rafael Pereira / Dirección: Rafael Pereira
Xénero: Maxia

O Mago Rafa desenvolve un espectáculo de maxia en estado puro, un show participativo, familiar, sorprendente, emotivo, envolvente. Sen esquecer cal é a tarxeta de presentación de Rafa: un humor próximo e sincero. *Momentos máxicos* é un espectáculo no que a interacción entre o mago e o público dá pé a momentos nos que a comedia e a maxia se funden para crear situacións sorprendentes. Cartomaxia, viaxes imposibles, maxia xeral, humor, escapismo, mentalismo, música...

+ info. en: www.magorafa.com



PEQUEÑO CIRCO MÁXICO

Cayetano Lledó

Autor: Cayetano Lledó / Dirección: Cayetano Lledó
Xénero: Maxia

Un espectáculo de maxia e humor onde teñen cabida as diferentes disciplinas das artes escénicas e do teatro de variedades. Encarnadas cada unha delas por diferentes personaxes de distintas nacionalidades e cun argumento vertebrado mediante a figura do presentador circense. Abrangue desde a maxia musical de escena ata a hipnose, pasando polo malabarismo de contacto ou a danza clásica.

+ info. en: www.cayetanollado.com



SOMORGUJO

Kiko Pastur (ilusionista)

Autor: Kiko Pastur / Dirección: Kiko Pastur
Elenco: Kiko Pastur / Xénero: Maxia

Kiko Pastur presenta unha obra inclasificable, unha estraña sesión de maxia de cerca para ver de lonxe. *Somorgujo* envólvese de ficción máxica e surrealismo. Cámaras de alta definición e proxeccións, unha baralla de cartas, obxectos voadores e un guión máis propio de Lewis Carroll, Borges, Poe, Haruki Murakami, Cortázar e outros máis absurdos. Poesía para os ollos, espectacularidade, comicidade e misterio. *Somorgujo* pódese ler de seis formas distintas antes do almorzo.

+ info. en: www.kikopastur.com



A LUZ...

Cía. Galega de Danza
Contemporánea - Ballet Jesús Quiroga

Autor: Jesús Quiroga / Dirección: Jesús Quiroga
Elenco: Ana Belén Ferreiro, Eva Faraldo, Iris Pintos, Sabela Adalid, Jesús Quiroga / Xénero: Danza/Contemporánea

Obra inspirada no libro de poemas de Eva Veiga *A luz e as súas cicatrices*. “O sangue, sempre presente nas evocacións de Eva Veiga, dende o subconsciente de onde aflora a poesía. De todas as formas, as súas feridas son agora só cicatrices. Tamén na alma. Asombra tanta paixón, tanta vitalidade, tanto amor. Un cántico permanente á vida e aos seus froitos inmediatamente en sazón despois da flor”. Luz Pozo Garza.

+ info. en: www.jesusquiroga.com



ALICIA EN GRUSIA PROJECT

Cía. Arraiana-Estela Lloves

Autoras: Estela Lloves e Tania Arias / Dirección: Estela Lloves e Tania Arias
Elenco: Estela Lloves Gomez e Tania Arias Winograd / Xénero: Danza/Contemporánea

Benvidos a Grusia, unha nova república virtual independente froito da unión representativa de Rusia e Galicia. Un novo país en miniatura a disposición de calquera persoa. Grusia dará a coñecer os seus plans mais inmediatos na presentación do proceso de reconstrución que recentemente sufriu a súa nova sede oficial, coa intención de dar a acollida necesaria que este ambicioso proxecto grusiano require.

+ info. en: arraiana.wordpress.com



ASSEMBLAGE

Uxía P. Vaello

Autores: Uxía P. Vaello e Laura Lizcano
Dirección: Guillermo Weickert / Elenco: Uxía P. Vaello, Laura Lizcano, Rafaela Salvador, Guillermo Weickert e Nuno Tavares / Xénero: Danza/Contemporánea

Fai pouco máis dun ano Uxía P. Vaello (Galicia), Laura Lizcano (Andalucía) e Rafaela Salvador (Portugal) mergulláronse nun proxecto que tiña como tema central a imaxinación. Ao longo deste proceso, Rafaela tivo que renunciar á súa participación no espectáculo. Laura e Uxía continuaron, cun novo compromiso: imaxinar que Rafaela seguía aí. A fotografía de Nuno Tavares (Portugal) e a música de Paco Lamato e Bikini Red serven de fío condutor no percorrido pola paisaxe de *Assemblage*, cun obxectivo: que as imaxes se poñan en movemento, collan velocidade e, a ser posible, arrebatan ao espectador, aínda que só sexa por un instante...



CONTRA2. DANZA E CONTRADANZA

Contra2. Iván Villar e Nelson Quinteiro

Autores: Iván Villar e Nelson Quinteiro / Dirección: Iván Villar e Nelson Quinteiro / Elenco: Iván Villar e Nelson Quinteiro / Xénero: Danza/Contemporánea

Esta proposta aborda o canto e danza tradicional dende unha perspectiva contemporánea, incorporando novos recursos técnicos e de danza á proposta. Contra2 axunta así a dous profesionais cunha destacada pegada e traballo escénico. Nesta montaxe Nelson Quinteiro monta a banda sonora en directo para solos e dúos de danza coreografiados por Iván Villar.



DES-MEMORIA2

Disque Danza

Autores: Olga Cameselle, Alfredo Rodríguez, La Canalla, Gena Romero, Santiago Cortegoso, Ignacio Muñoz e Salvador del Río / Dirección: Olga Cameselle e Alfredo Rodríguez / Elenco: Alfredo Rodríguez, Olga Cameselle, Ignacio Muñoz / Xénero: Danza/Contemporánea

Cuestión de física ou química? Cuestión do pensamento ou do costume? As definicións, as identidades, os amores, as necesidades... Bioloxía? Ou cultura?

Dous seres humanos en escena. Sábense humanos, pertencentes a esa especie ou cando menos diso lémbrense. Un aquel fai que se vaian confrontando entre eles na procura de lembrar como chegaron aquí, neste momento. Invitan a outra, a outro por ver se teñen máis información ou algo que os leve ... a esa identidade agochada nalgún recoveco do cerebro.



EL LLAC DE LAS MOSCAS

Sol Picó Cía de Danza

Autora: Sol Picó / Dirección: Sol Picó
Elenco: Valentí Rocamora i Torà, Sol Picó
Xénero: Danza/Contemporánea

Os 40? A sorte dos 40 é que serve de escusa para cambair de vida: facerse egoísta e deixar fillos e marido e lanzarse ao baleiro doutra relación, ou non. Estar de mal humor “porque si” ou “porque non” ou perder a cabeza: todo pola crise dos 40. E os 50) A esperada menopausia. E os 60? Que sorte roubar no súper sen terminar no cárcere, darte a viaxe da túa vida coa esperada xubilación. Será que arrastramos demasiadas cousas?

+ info. en: www.solpico.com



EQUILIBRIO

Cía. Daniel Abreu

Autor: Daniel Abreu / Dirección: Daniel Abreu
Elenco: Dácil González, Anuska Alonso, Teresa Lorenzo, Daniel Abreu / Xénero: Danza/Contemporánea

Falar dos desexos e como poñen o corpo nunha predisposición máis compacta. Ninguén espera desde a quietude. Os corpos colócanse e prepáranse para dar. “Inclináriste sobre a poza calma dalgún bosque grego e viras na prata silenciosa da auga a marabilla do teu propio rostro. E fora todo tal como a arte debía ser: inconsciente, ideal e remota”. Oscar Wilde, 1891.



FLEXELF

Àngels Margarit/Cia. Mudances

Autora: Àngels Margarit / Dirección: Àngels Margarit
Elenco: Fátima Campos, Isabel López, Roser López Espinosa, Joan Palau / Xénero: Danza/Contemporánea

Flexelf é a nova creación de Àngels Margarit/Cia. Mudances para todos os públicos, unha peza interdisciplinar que traballa a redor da idea de flexibilidade, reversibilidade, transformación, reflexo... O espectáculo nace da palabra e a palabra flexelf nace do movemento dun punto que se converte en liña, se enrosca, se reflexa e se repite. En *Flexelf* o corpo e o movemento son esenciais, pero en diálogo con materiais diversos que se integran indivisiblemente en toda a creación: vestuarios escultura, obxectos que bailan, personaxes téxtiles e domésticos, xoguetes, músicas, sons, imaxes que nos enganan, luz...

+ info. en: www.margarit-mudances.com



INFAME O EL PLACER DE LO EFÍMERO

Excéntrica Producciones

Autora: Isabel Vázquez / Dirección: Rob Tannion
Elenco: Cristina Almazán, Javier Centeno, Roberto Martínez Losa, María M. Cabeza de Vaca, Isabel Vázquez, Guillermo Weickert / Xénero: Danza/Contemporánea

Brancas, azuis, eruditas, estampadas, *fashion butterflies*. Un ambiente sofisticado, un espectáculo sobre a descomposición social, as aparencias e as contradicións humanas. A través do humor, o surrealismo e o esperpento, imos desmontar estes personaxes atrapados polo seu egocentrismo e ambición.

+ info. en: www.8co80.com

Teatro *versus* público

Concha Pino

Puntos de vista e perspectivas, olladas, apostas, propostas, experimentación e innovación, pescudas, paixóns, miserias, anhelos e soños, verdades e mentiras, tradición e vangarda, o riso e o pranto, a fantasía e a realidade, a beleza e o macabro... Todo está no teatro, na escena, na capacidade de crear, actuar, recrear, fabular e de pensarmos dos autores e escenógrafos, de directores e de músicos, de actores e actrices, bailaríns e coreógrafos, magos, monicreques e malabaristas, dunha chea de creadores que conflúen baixo a gran cuncha escénica. Pero o teatro só existe se hai alguén mirando, só é certo se concita os sentidos dun espectador, se hai quen escoite, quen soñe ou se emocione co que sucede enriba dun escenario, coa acción. Públicos con todos os eses da pluralidade e a diversidade, de idades e intereses, dos momentos e das eleccións, as opcións, versións e diversións.

A realidade, como os números, é teimuda. E é así que mentres a capacidade creadora do mundo das artes escénicas medra en formatos e en linguaxes, en soportes e mesmo en espazos de creación, de produción e de distribución, o público non segue a mesma proporción. E cando se fai a luz e agroma o interese, aínda estamos lonxe da normalidade, de conseguir que a xente acuda a ver un espectáculo sen que a leven, sen que lle organicen a excursión, a clase fóra da aula. Faltan espectadores. E non ten a culpa a falta de ideas, que as hai. Nin a programación, que existe. O problema non é tampouco unha ausencia de diversidade de propostas, porque no mundo do teatro galego, para grandes e pequenos, hai creatividade e fantasía, risco para anovar e experimentar, maxia e unha sorte de xéneros que non quedan na comedia e no drama. Van máis aló, a mestura do cabaré, o universo da danza e do teatro circo.

Onde está o punto de encontro ou o de inflexión? Se miramos a programación que se presenta para os vindeiros meses, o problema non parece que sexa a oferta. Na Rede Galega de Teatros e Auditorios e na Rede Galega de Salas teñen fixados día e hora máis dun cento de espectáculos, entre os que están as funcións para asistir en familia, para compartir cos máis pequenos actuacións de maxia e ilusionismo a cargo dalgúns dos moitos e moi bos artistas que fan de Galicia un referente internacional, para participar, se non é só para acompañalos ata a porta, nunha manchea de montaxes teatrais infantís, tanto das chamadas de autor como de monicreques, que van percorrer a xeografía do país co bo facer e a experiencia de compañías con propostas para os máis

“*O público das vilas e cidades terá a oportunidade de asistir a espectáculos nos que nada é verdade nin mentira se non contan co seu aplauso ou o seu pateo, montaxes nas que descubrir con outra mirada que a nosa vida, o que nos acontece, pode ser interpretado e mesmo revivido*

novos como A Xanela do Maxín, Almacabra Teatro-Circo, Artello Teatro Alla Scala 1:5, Berrobambán, Caramuxo, Danthea, Elefante Elegante, Galitooon, Ghazafellos, O Retrete de Dorian Gray, Pinga Teatro, Sarabela, Talía, Talytakumy, Tanxarina, Babaluva, Teatro del Andamio, Teatro do Morcego, Telón Partido, Títeres Cachirullo, Cascanueces, Trompicallo e Viravolta, e aínda de grupos que chegarán de fóra, como La Carreta Teatro, La Gotera de Lazotea, La Pícara Locuela, Teatro Mutis e Aracaladanza.

O público das vilas e cidades terá a oportunidade de asistir a espectáculos nos que nada é verdade nin mentira se non contan co seu aplauso ou o seu pateo, montaxes nas que descubrir con outra mirada que a nosa vida, o que nos acontece, pode ser interpretado e mesmo revivido. Vexan senón a abordaxe dos malos tratos no contorno dunha comunidade de veciños que ofrece *A piragua*, a obra de Cándido Pazó que foi un dos grandes éxitos de público e crítica cando a montou o CDG, hai tres anos, e que recupera Abrapalabra. E a proposta de Lagarta Lagarta *O segredo dos Hoffman*, unha historia de trapos que se lavan na casa que, con estes ou ingredientes semellantes, se lles podería aplicar a tres de cada catro familias. Ou a comedia *O día do pai*, que presenta a compañía Malasombra. Pero tamén estarán nos escenarios as últimas producións de compañías de longa traxectoria profesional como Ancora, Chévere, Matarile, Talía, Teatro de Morcego, Teatro do Atlántico, Teatro de Ningures ou Producións Teatráis Excéntricas, que, en clave de comedia, de drama ou do que non ten etiqueta ou se agocha baixo a ampla saia da crítica social, comparten cartel coas novas linguaxes e apostas máis arriscadas para públicos amplos, como as de Madremía! Producións, Nut, Elefante Elegante ou de Redrum, ás que convén asistir sen prexuízos, velas e escoitalas.

Non hai que esquecer a danza e o teatro danza coas súas linguaxes, que seguen a aumentar a súa presenza na rede de escenarios galegos, desta volta con espectáculos das compañías galegas Pisando Ovos, Quique Peón, Javier Martín, Uxía P. Vaello ou Provisional Danza, e as que nos revisitan, como as de Daniel Abreu, Sol Picó, Ángels Margarit ou Playground.

Aí está o que hai e o que nos ofrecen. Non é pouco nin o é todo. É teatro, espectáculo.

HISTORIA E VIDA NOS ESCENARIOS DA CORUÑA

Habitantes: 245.000

Espazos escénicos:

Teatro Rosalía Castro

Rúa Rego de Auga, 37. 15001 A Coruña

Capacidade: 670

Auditorio do Fórum Metropolitano

Rúa Río Monelos, 1. 15006 A Coruña

Capacidade: 300

DOUS DOS ESPAZOS ESCÉNICOS DEPENDENTES DO CONCELLO DA CORUÑA TEÑEN O MESMO CARÁCTER QUE A CIDADE. POR UNHA BANDA, A HISTORIA, A ELEGANCIA E O PRESTIXIO DO TEATRO ROSALÍA CASTRO. POR OUTRA, A VITALIDADE E VERSATILIDADE DO AUDITORIO DO FÓRUM METROPOLITANO. ENTRE OS DOUS MANTEÑEN UNHA DAS PROGRAMACIÓNS MÁIS AMPLAS E DIVERSIFICADAS DE GALICIA, CON MÁIS DE 200 ESPECTÁCULOS E UNHAS 420 FUNCIONS AO ANO.





Vista xeral do Teatro Rosalía Castro

O Coliseum, o Palacio da Ópera, o Centro Galego das Artes da Imaxe, a rede de bibliotecas municipais, o Teatro Colón... A Coruña conta cunha importante rede de infraestruturas culturais acorde cunha cidade do seu tamaño e tradición. Hai dous espazos nos que as artes escénicas son as protagonistas da maior parte da programación: o Teatro Rosalía Castro e o auditorio do Fórum Metropolitano. Dous recintos que se complementan para ofrecer ao longo do ano unha oferta de teatro, danza e maxia pensada para cubrir os intereses máis variados.

“Mantemos unha programación continuada desde hai moito tempo, con ciclos fixos moi definidos para públicos distintos. Son elementos básicos para estabilizar públicos”, explica Agustín Lorenzo, coordinador xeral

“MANTEMOS UNHA PROGRAMACIÓN CONTINUADA DESDE HAI MOITO TEMPO, CON CICLOS FIXOS MOI DEFINIDOS PARA PÚBLICOS DISTINTOS. SON ELEMENTOS BÁSICOS PARA ESTABILIZAR PÚBLICOS”


do Instituto Municipal Coruña Espectáculo (IMCE). Entre os cometidos deste organismo está xestionar a programación do Teatro Rosalía Castro e do Fórum Metropolitano. Aínda que cada un conta coa súa propia dirección, a programación realízase de forma coordinada: “Tentamos que cada espazo teña obxectivos e públicos distintos”, sinala Lorenzo. Dous espazos complementarios para lograr unha programación máis coherente.

Historia e proxección do Rosalía

Actuar no Rosalía é facelo no teatro en activo máis antigo de Galicia. As compañías sábeno e por iso senten unha predilección especial por este escenario. “Ten traxectoria histórica, tamaño, empaque e proxección”, destaca

Agustín Lorenzo. Trátase dun edificio neoclásico situado na rúa Rego de Auga, no centro da cidade, cun escenario de 150 metros cadrados e butacas para 670 espectadores. O teatro foi construído entre 1838 e 1841 sobre un proxecto do arquitecto José María Noya y Vaamonde. En 1867 foi destruído por un incendio, e ao ano seguinte acometeuse a súa reconstrución. Non sería a última reforma: na década de 1910 adaptouse para realizar proxeccións cinematográficas, e recentemente viviu outra restauración a cargo de Manuel Gallego Jorreto.

A programación actual do Rosalía Castro, que recibe este nome desde 1909, está centrada nas artes escénicas e musicais. Agustín Lorenzo valora o prestixio deste teatro entre compañías e público, pero tamén coñece as



súas limitacións de espazo e adaptación, que impiden un uso máis versátil: “É un espazo que ofrece só programación, con moi poucas alternativas e cunha atención ao público máis limitada”, explica.

O Fórum: activo e versátil

Por iso Lorenzo recoñece que sente un apreio especial por outro auditorio, o do Fórum Metropolitano. Aínda que moito máis modesto en historia, valor arquitectónico e dimensións, hai dúas características que xogan ao seu favor: a versatilidade do espazo e o feito de formar parte dun centro cultural no que sempre están a ocorrer cousas. Porque, ademais do auditorio, o Fórum ten salas de cine, bibliotecas, centro de información xuve-

nil e outros servizos que o converten nun dos principais polos sociais e culturais da cidade. Todo iso fai do auditorio un espazo vivo, permite chegar con facilidade a un importante número de usuarios do centro e establecer sinerxías con outros servizos, como a biblioteca infantil.

Neste contexto insírese unha sala de 350 metros cadrados con capacidade para arredor de 300 espectadores. Conta cun sistema de recollida de butacas, o que permite transformar a sala completamente e xogar co espazo de actores e espectadores. E hai unha proximidade entre o escenario e o público que o fai ideal para obras de pequeno e mediano tamaño e para aquelas nas que, como no teatro infantil, sexa importante que o escenario se achegue ao público.

EN 2008, ENTRE OS DOUS ESPAZOS PROGRAMÁRONSE 213 ESPECTÁCULOS DE ARTES ESCÉNICAS E MÚSICA, CUN TOTAL DE 429 FUNCIÓNS E 112.000 ESPECTADORES

A programación entre estes dous espazos repártese atendendo ás dimensións e necesidades da produción, á súa capacidade de convocatoria e aos espectadores aos que se dirixe. “O público márcalo o tipo de espectáculo, pero é certo que a xente máis nova non sente o Teatro Rosalía como espazo propio, e tampouco a xente maior sente como seu o auditorio do Fórum Metropolitano”, apunta o coordinador do IMCE.

Esa segmentación de públicos prodúcese nos 20 ciclos en que se estrutura a programación destes dous espazos ao longo do ano. A metade promóveos directamente o IMCE: é o caso dos ciclos Fóra de Serie, Forumáxico, Forumfolk e Ghillados, entre outros. Tamén de Todo Público, que desde hai 21 anos programa teatro infantil con funcións escolares e familiares. E o ciclo Caixanova, que conta con 600 abonados, que case enchen unha das dúas funcións de cada espectáculo. Outras entidades promoven tamén un bo número de ciclos, entre os que destacan o Festival Manicómicos, o ciclo de Teatro Independente, Outubro Amador e as Xornadas de Teatro Universitario.

Teatro galego

A media de espectadores por función supera o 55% da capacidade no Teatro Rosalía Castro e o 66% no Fórum Metropolitano. É a tradución a cifras e porcentaxes da boa resposta do público da Coruña á oferta escénica.

A este éxito contribúe tamén de forma importante o teatro e a danza de Galicia. Ao analizar a resposta do público, “hai un equívoco bastante estendido sobre as producións galegas”, valora Agustín Lorenzo. Lembra tres días de cheo para ver o *Hamlet* interpretado por Luis Tosar e asegura que a obra que máis ganancia deu na Coruña era dunha compañía galega. O nome dos actores e o prestixio das compañías poden marcar a resposta do público, pero non o feito de que sexa galega ou de fóra: “Á hora de tirar do público, o teatro galego funciona nos mesmos parámetros que noutras comunidades de España”, conclúe Lorenzo.



Vestíbulo (arriba) e auditorio do Fórum Metropolitano

Na páxina anterior, diferentes perspectivas do interior e exterior do Teatro Rosalía

EN BREVE

O CENTRO DRAMÁTICO GALEGO ESTREA “AS ACTAS ESCURAS” BAIXO A DIRECCIÓN DE XÚLIO LAGO

O Centro Dramático Galego (CDG) estrea o 15 de xaneiro no Salón Teatro de Santiago de Compostela a súa última produción, *As actas escuras*, de Roberto Vidal Bolaño, baixo a dirección escénica de Xúlio Lago. A obra, gañadora do Premio Xacobeo de Textos Teatrais en 1992 e publicada trece anos despois polo Concello de Santiago e A Nosa Terra Edicións, sobe por primeira vez aos escenarios e faino da man dun elenco de 14 actores e actrices: César Cambeiro, Ricardo de Barreiro, Ursia Gago, Jouse García, Mónica García, Teté García, César Goldi, Xoán Carlos Mejuto, Fernando Morán, Xosé Manuel Olveira

“Pico”, Rodrigo Roel, Pepe Soto, Agustín Vega e Marcos Viéitez.

Na posta en escena, Rodrigo Roel ocupouse do espazo escénico e do deseño de *atrezzo*; Xúlio Lago compartiu con Antón Arias Marsal o deseño de iluminación; a música corresponde a Manuel Riveiro, e o dúo vigués La Canalla debuxou os figurinos do vestiario.

A obra, que parte da situación que se crea cando un sacerdote e o seu sobriño recomplan información sobre a localización dos restos do Apóstolo Santiago, permanecerá en Compostela ata o 7 de febreiro e distribuirase ata abril de 2010 en espazos escénicos de Narón, O Barco, Tui, Vigo, A Coruña, Ourense e Ferrol.

A CONSELLERÍA DE CULTURA INCREMENTA EN 200.000 EUROS AS AXUDAS Á ESCENA

A Consellería de Cultura e Turismo, a través da AGADIC, incrementou en 200.000 euros as contías inicialmente previstas para a produción e distribución de espectáculos de teatro e danza en Galicia, polo que a cantidade económica final que recaerá no sector para este fin será de 2.650.000 euros.

O conselleiro Roberto Varela mantivo o pasado 28 de decembro unha xuntanza con representantes do colectivo galego das artes escénicas, diante dos que –en alusión á Rede Galega de Teatros e Auditorios– comprometeu “un esforzo especial, de tal forma que toda produción que veña subvencionada pola Administración

poida representarse en varios sitios e sexa moito máis rendible”.

Ambas as partes acordaron reunirse cada seis meses a través da Comisión de Avaliación do Plan Galego das Artes Escénicas.

O FONDO IBERESCENA COFINANCIA A MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO DE RIBADAVIA

O fondo de axuda Iberescena para a difusión das artes escénicas en España e Latinoamérica concedeulle unha dotación de 10.000 euros á Mostra Internacional de Teatro (MIT) de Ribadavia, pola que o certame que cada ano organiza este concello ourensán desenvolverá o proxecto titulado *O Camiño Mexicano*.

O proxecto suporá a apertura dunha liña de conexión co teatro e a danza entre a programación do encontro de Ribadavia e o panorama escénico mexicano actual, polo que –para os organizadores– queda reafirmada a vocación internacional da MIT.

A próxima Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia desenvolverase do 16 ao 24 de xullo de 2010 e contará coa participación de espectáculos procedentes de Arxentina e Chile, ademais de México, así como de distintos países de fala portuguesa.

A MIT é o único festival galego que se beneficiará este ano do apoio de Iberescena.

ELES E ELAS CÓNTANNOLO

DENDE O PARAÍSO



NOME: Damián Vázquez

IDADE: 47

OCUPACIÓN: Traballador de autoestrada

POR QUE VAS AO TEATRO?: Antes era moi afeccionado, pero hai tempo que non vou con frecuencia. Cando teño tempo aproveito para ir, porque me gusta.

CAL FOI O ÚLTIMO ESPECTÁCULO QUE VICHES?: *¿Quién teme a Virginia Woolf?*, de Adolfo Marsillach.



NOME: Marucha Díaz

IDADE: 40

OCUPACIÓN: Funcionaria

POR QUE VAS AO TEATRO?: Porque é unha oferta cultural máis, e paréceme interesante.

CAL FOI O ÚLTIMO ESPECTÁCULO QUE VICHES?: *Jardim zoológico de cristal*, de Ao Cabo Teatro.



NOME: Lucas Hernández

IDADE: 40

OCUPACIÓN: Profesor de teatro

POR QUE VAS AO TEATRO?: Porque me gusta moito e me dedico a el.

CAL FOI O ÚLTIMO ESPECTÁCULO QUE VICHES?: *Cerrado por aburrimiento*, de Matarile Teatro.



NOME: Alba González

IDADE: 27

OCUPACIÓN: Farmacéutica

POR QUE VAS AO TEATRO?: É como o cine pero visto en directo. Gústanme as obras baseadas en textos que xa lín.

CAL FOI O ÚLTIMO ESPECTÁCULO QUE VICHES?: *Días de vino y rosas*, de Tamzin Townsend.

MANUEL LOURENZO GAÑOU
O PREMIO ÁLVARO CUNQUEIRO
DE TEXTOS TEATRAIS

Manuel Lourenzo, coa obra *Flores de Dunsinane*, gañou a última edición do Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais, co que sumou así o galardón de máis longa traxectoria no ámbito teatral galego á súa ampla nómina de recoñecementos públicos como dramaturgo, director e actor.

O xurado destacou do texto gañador o seu ritmo, así como “o emprego dunha linguaxe rica, poética e expresiva dramaticamente”. En *Flores de Dunsinane*, Lourenzo reinterpreta o *Macbeth* de Shakespeare, centrando o argumento en Fleance, fillo de Banquo. O compañeiro de armas de Macbeth, a quen este mandara asasinar, emprega a súa astucia para chegar a rei de Escocia e agora, vello e moribundo, recibe a visita dos seus antecesores, os Macbeth, cos que revive o reinado sanguento destes.

NEIRA CRUZ, IGNACIO VILARIÑO
E BEGOÑA GARCÍA OBTIVERON
GALARDÓNS PARA LITERATURA
DRAMÁTICA DA AGADIC

O IV Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil foi para *Sopa de xarope de amora*, de Xosé A. Neira Cruz; o VII Premio Barriga Verde foi, na modalidade de adultos, para *Auga que non vas beber...*, de Igancio Vilariño Sanmartín, e na modalidade de rapaces, para Begoña García con *Bon appétit*.

Sopa de xarope de amora é, segundo o ditame do xurado, “unha comedia áxil e

divertida, protagonizada por personaxes estrambóticos que actualizan algúns dos tradicionais contos de fadas creando unha atmosfera que estimula a imaxinación”. No fallo destácase, así mesmo, a boa resolución dramática tanto dos personaxes como dos escenarios onde se desenvolve a acción. *Auga que non vas beber...* é un “musical satírico para marionetas” que, inspirado na tradición oral anticlerical ibérica, conta os amoríos do Padre Damián, párroco de Agolada. *Bon appétit* foi definida polo xurado como “unha peza de estrutura clásica que ofrece un canto á gastronomía”, na que están “moi ben aderezados” os ingredientes dramáticos e culinarios, ademais de adaptarse perfectamente ao teatro de monicreques.

O CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO
PRODUCIRÁ UN NOVO ESPECTÁCULO
CON MÁIS DE DOCE BAILARÍNS

O Centro Coreográfico Galego (CCG) estreará en 2010 un novo espectáculo que integrará danza, música en directo e contidos audiovisuais, baixo a dirección artística de creadores galegos. A unidade de produción de danza da AGADIC completará a súa actividade anual co desenvolvemento de dúas pezas máis en réxime de coprodución, e a titoría de oito proxectos de deseño e investigación coreográfica dentro do programa de artistas residentes.

A nova montaxe, promovida desde a AGADIC, terá como fío condutor o tema do Camiño, entendido en sentido amplo e como viaxe iniciática persoal ou colectiva. Representarase por medio da execución de danza de non menos de doce bailaríns

e bailarinas, que serán seleccionados a partir de xaneiro, e contará tamén con interpretación musical en directo e a proxección audiovisual de contidos especialmente elaborados para a ocasión.

Para o seu deseño e dirección artística, a AGADIC contactou con varios creadores e creadoras, todos eles galegos, aos que lles solicitou cadanseu proxecto para o desenvolvemento do espectáculo. A estrea está prevista para a primavera de 2010, mentres que a súa distribución estenderase, dentro e fóra de Galicia, ata despois do verán.

A FEIRA DAS ARTES ESCÉNICAS
VENDEU 99 FUNCÍONS DE
14 ESPECTÁCULOS GALEGOS

Un total de 99 funcións de 14 espectáculos galegos foron contratados por redes, festivais e espazos escénicos doutras comunidades autónomas e de Portugal no marco da pasada edición da Feira Galega das Artes Escénicas. A exhibición das devanditas producións terá lugar durante 2010 en Andalucía, Aragón, Comunidade Valenciana, Castela-A Mancha, Castela e León, Euskadi, Madrid, Murcia e Navarra e nas localidades portuguesas de Abrantes, Águeda, Estarreja, Moita e Palmela.

Con motivo da celebración da Feira o pasado mes de outubro, as correspondentes entidades contratantes puideron acollerse ao programa de bonificacións á distribución exterior, de acordo co cal a AGADIC achega un 40 por cento do caché dos espectáculos seleccionados para a súa exhibición fóra de Galicia, ata unha cifra

global de 130.000 euros. A Comunidade de Castela-A Mancha destaca entre os destinos das producións galegas, con 35 representacións, seguida de Madrid con 24, Portugal con 13 e Euskadi con 10.

O teatro para público infantil sitúase á cabeza en volume de contratación, cun total de 70 funcións a cargo das compañías Títeres Trompicallo, Galitoo Productions, Producións A Contrabutaca, Sarabela Teatro, O Retrete de Dorian Gray, Caramuxo Teatro e Berrobambán. Entremans e Cía. Quique Peón en danza, e Teatro do Noroeste, Teatro do Morcego, Mofa e Befá e Nut Teatro en teatro para público adulto completan a listaxe das 13 compañías que actuarán en diferentes espazos da Península.



NOME: Marcos de la Vega
IDADE: 33
OCUPACIÓN: Informático
POR QUE VAS AO TEATRO?:
Porque me parece máis persoal e íntimo que o cine, polo interesante que é ver en vivo os actores, o ambiente...
CAL FOI O ÚLTIMO ESPECTÁCULO QUE VICHES?: *Priscilla Queen of the Desert*, de Andrew Lloyd Webber's Really Useful Group.



NOME: Manuela Concheiro
IDADE: 32
OCUPACIÓN: Produtora
POR QUE VAS AO TEATRO?:
Porque me gusta consumir cultura en xeral e esta é unha das formas de ocio que máis enche.
CAL FOI O ÚLTIMO ESPECTÁCULO QUE VICHES?: *Coa palabra na lingua. Concerto en dúas linguas para dous actores e un músico*, de Teatro Nu.



NOME: Antonio Carreira
IDADE: 43
OCUPACIÓN: Orientador
POR QUE VAS AO TEATRO?:
Porque me gusta observar a posta en escena, que permite dar renda solta á imaxinación. É a faceta do teatro que máis valoro.
CAL FOI O ÚLTIMO ESPECTÁCULO QUE VICHES?: *Dies irae. En el Réquiem de Mozart*, de Marta Carrasco.



NOME: Manuela Palacios
IDADE: 50
OCUPACIÓN: Profesora
POR QUE VAS AO TEATRO?:
Porque podo ver teatro en galego, mentres que noutras manifestacións culturais, como o cine, iso non é frecuente.
CAL FOI O ÚLTIMO ESPECTÁCULO QUE VICHES?: *Glass City: Cidade de cristal*, de Teatro do Noroeste.



NOME: Iria García
IDADE: 31
OCUPACIÓN: Doutora
POR QUE VAS AO TEATRO?:
Porque me mete nas historias que conta. Divírteme e faime pensar.
CAL FOI O ÚLTIMO ESPECTÁCULO QUE VICHES?: *Días de vino y rosas*, de Tamzin Townsend.



KNOCHENBLUME (FLORDEHUESO)

Cía. Arraiana-Estela Lloves

Autora: Estela Lloves Gómez / Dirección: Estela Lloves
Elenco: Estela Lloves / Xénero: Danza/Contemporánea

Como te atopas agora mesmo, máis animal ou máis humano? Como se comporta un corpo fóra das súas habituais condicións normais? *Knochenblume* é unha invitación para encarnar un tacto inadecuado na mirada. *Flordehueso* é un enorme xabarín branco que corre e corre e corre e nunca se para... E agora poderías deixar que todo isto fose visto desde a comodidade?

+ info. en: <http://arraiana.wordpress.com>



MACHO

Dloira

Autor: David Loira / Dirección: David Loira
Elenco: David Loira, Fiona B. McCudden / Xénero: Danza/Contemporánea

Proxecto sobre a identidade, o respecto e a liberdade. Un corpo masculino en coma. Seleccionado e apoiado por unha residencia artística concedida polo Centro Coreográfico Galego, desenvolvido durante xuño de 2009. “Se pecho os ollos convérteme en paisaxe” (David Loira).



OVAY

Quique Peón Cía.

Autor: Henrique Peón Mosteiro / Dirección: Henrique Peón Mosteiro / Elenco: Quique Peón e os músicos Xosé Lois Romero e Suso Vaamonde / Xénero: Danza/Outras

Ovay son as catro estacións do camiño da vida, os catro puntos cardinais da nosa existencia e os catro elementos da nosa alma, conceptos universais e atemporais encrucillados, ante os que nos movemos a cegas sen comprender o sentido do noso ser. *Ovay* dinlle os canteiros ao ousado que encara o perigo sen vacilar, ao que reclama orgulloso o que é seu e dos seus. É a valentía de enfrontarse á propia evolución, de reivindicar a identidade cultural renovada, de procurar un equilibrio maduro entre o enxebre e o depurado, entre a forza e o sosego, entre o urbano e o tradicional, entre o masculino e o feminino. *Ovay* é Quique Peón.

+ info. en: www.quiquepeon.com



PEQUEÑOS PARAÍSO

Aracaladanza

Autor: Aracaladanza / Dirección: Enrique Cabrera
Elenco: Carolina Arija Gallardo, Jimena Trueba, Noelia Pérez Gil, Raquel de la Plaza e Olga Lladó Valls
Xénero: Danza/Contemporánea

Inspirado libremente no Xardín das Delicias do Bosco, este espectáculo pretende devolver aos espectadores mínimos instantes de felicidade. Os *Pequeños paraísos* son fugaces pímulas de ledicia que, sen teren relación, contaxian alegría, prometen sorrisos, irradian paz... Traballo depurado, insiste no protagonismo dos obxectos e desenvolve a compañía das marionetas, convertidas aquí na sexta bailarina. Galardoada con diferentes premios FETEN e MAX, a montaxe diríxese a un público familiar, intentando ademais rescatar ao/a neno/a que todos levamos dentro.



SHURE PG48

La Macana

Autores: Caterina Varela e Alexis Fernández
Dirección: Caterina Varela e Alexis Fernández
Elenco: Caterina Varela, Alexis Fernández, Octavio Mas, Claudia Faci / Xénero: Danza/Contemporánea

Hoxe lin isto sobre ti: Un micrófono para voz, excelente para oradores. Cardiodide, dinámico e personalizado. Para obter maior resposta a frecuencias baixas, achéguese ó micrófono. Para minimizar a captación de son de manipulación non desexado, evite manipular de forma excesiva os micrófonos para voz. Sosteña os micrófonos para voz pola empuñadura e non cobra a grella coa man. Se a resposta desexada é son robusto, poña o micrófono a menos de 10 cm de distancia da boca, directamente diante do micrófono. Non deixe caer o micrófono. Penso que non te coñecen o suficiente.



SIN DIOS

Provisional Danza

Autora: Carmen Werner / Dirección: Carmen Werner
Elenco: Lluicio Baglivo, Tatiana Chorot, Javier Ferrer, Sara Viroga, Javier Sangros, Carmen Werner / Xénero: Danza/Contemporánea

Dise de Deus nos salmos (se non lembro mal): “El conta o número das estrelas e a todas elas chama polo seu nome”. E di o evanxeo: “Ata os pelos da vosa cabeza están contados”. “Se o da morte de Deus é verdade, tería morto entón por accidente ou iso nos faría crer”. Daniel Franco.

+ info. en: www.provisionaldanza.com



SONO SILENTE

BStudiodanza

Autora: Dolores Mayán / Dirección: Dolores Mayán
Elenco: Emilia Pardo, Vanessa Otero, Natalia Iglesias, Celia Mayer / Xénero: Danza/Contemporánea

Inspirada no cine silente dos anos 20 e 30, toma como referente a imaxe potente da actriz Louise Brooks e dous dos seus filmes máis coñecidos: *The Canary Murder Case* e *Pandora's Box*. A ausencia da palabra, a forza da imaxe, o valor da mirada e a linguaxe corporal e xestual coinciden, en grande medida, coa visión plástica e poética das obras de Bstudio. Unha análise da imaxe estereotipada da muller no discurso cinematográfico da época, para describir e clasificar os roles que se lle asignaban aos papeis femininos.

+ info. en: www.bstudiodanza.com



...TABÚ RESORTE...

Javier Martín

Autor: Javier Martín / Dirección: Javier Martín
Elenco: Javier Martín / Xénero: Danza/Contemporánea

nOn, nOn, nOn... A dOr é miña e podO dispOñer dela. CandO a dOr ataca pode un curar mellOr unha serie de cOusas... querO pensar cOn claridade; querO veLO tOdO sentilo tOdO e entOn... entOn non me impOrtará irme...

+ info. en: www.javiermartin.com



TRES

Pisando Ovos

Dirección: Rut Balbís / Elenco: Janet Novás, Andrea Quintana e Rut Balbís / Xénero: Danza/Contemporánea

O tema de investigación, nós mesmas, a muller en si. Non existe a necesidade de reivindicar o noso sexo, nin de defender ou criticar ningún aspecto social ou histórico da muller, simplemente queremos xogar co encontro de tres persoas, de tres mulleres que son condicionadas pola súa sexualidade, á vez que polas súas experiencias persoais acerca dela. Provocar encontros e desencontros das tres coas súas individualidades e os seus puntos en común. Un mundo por descubrir que se irá abrindo a medida que o proceso avance, rescatando historias persoais e outras máis comúns.



A TODO BRASS

Quinteto de Metais Omega Brass Ensemble

Elenco: Ramón Llätser, Fernando Rey, Benjamín Iglesias, Iago Rios, Jonathan Vázquez / Xénero: Música de cámara

Unha viaxe polas etapas e compositores máis destacados da historia da música: dende o Barroco coa música de Bach pasando polo Clasicismo con Mozart. Porá fin a este paseo a música máis actual da man de autores coma o galego Juan Durán ou Leonard Bernstein. O concerto acompáñase de explicacións e comentarios didácticos.

+ info. en: www.myspace.com/omegabassensemble



DEVOTIO. MÚSICA PARA A VIRXE E SANTIAGO NO CAMIÑO A COMPOSTELA

Grupo de Música Antiga Martín Códax

Dirección: Miguel A. López Fariña / Fernando Olbés Durán / Elenco: Ana Sánchez Barreiro, Paula Corujo Ferro, Fernando Olbés Durán, Miguel Angel López Fariña, Roberto Santamarina Fernández, Andrés Díaz Pazos, Roberto Sala López, Philippe Copin, Francisco Javier González Abrales, Carlos Castro / Xénero: Música de cámara

Un dos grupos de referencia no estudo e interpretación da música medieval explora as devocións musicais máis importantes en honra á Virxe e a Santiago desde a perspectiva dos peregrinos a Compostela, con cancións de romeiros de diversas épocas, do Rei Sabio, de trovadores galegos do medievo e de tres das máis importantes coleccións medievais, ademais das cantigas de Santa María: o Códice Calixtino, o Códice das Huelgas e o Llibre Vermell do mosteiro de Montserrat.

+ info. en: www.martincodax.org




EL HUMOR EN LA ÓPERA

Camerata Lírica de España (Compañía de Ópera)

Dirección: Miguel Ángel Arqued
Xénero: Música de cámara

Un espectáculo que achega a ópera ao gran público en xeral, e tamén a mozos e nenos, a través de catro das máis representadas óperas *buffas*: *Die Zauberflöte* (A frauta máxica), *Così fan Tutte* (Así fan todas), *Il Barbiere di Siviglia* (O barbeiro de Sevilla) e *L'Elisir d'Amore* (O elixir do amor). *El humor en la ópera* convértese nunha representación moi áxil, amena e divertida dos números máis espectaculares de cada obra, á vez que é ortodoxa nas formas clásicas da ópera.

+ info. en: www.cameratalirica.com

culturavai 
www.culturavai.info

PROGRAMACIÓN

xaneiro-xuño 2010

Teatro de actor
Teatro de monicreques

Danza

Música de cámara

Maxia



rede galega
de salas

38 formacións artísticas
42 espectáculos
135 funcións

ARTERIA NOROESTE. SANTIAGO DE COMPOSTELA
SALA NASA. SANTIAGO DE COMPOSTELA
SALA SANTART. SANTIAGO DE COMPOSTELA
TEATRO ARTE LIVRE. VIGO
TEATRO DEL ANDAMIO. A CORUÑA
TEATRO ENSALLE. VIGO



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

63 formacións artísticas
70 espectáculos
388 funcións

A CORUÑA. IMCE
A CORUÑA. TEATRO COLÓN
CAIXA GALICIA
A ESTRADA
A RÚA
AMES
ARTEIXO
AS PONTES DE
GARCÍA RODRÍGUEZ
BETANZOS
BOIRO
BURELA
CAMBADOS
CANGAS
CARBALLO
CEDEIRA
CEE
CULLEREDO
FERROL
FOZ
GONDOMAR
LALÍN
LUGO

MONFORTE DE LEMOS
MUROS
NARÓN
NOIA
O BARCO DE VALDEORRAS
O CARBALLIÑO
OLEIROS
ORTIGUEIRA
OURENSE. AUDITORIO MUNICIPAL
OURENSE. TEATRO PRINCIPAL
PONTEVEDRA
REDONDELA
RIBADAVIA
RIBADEO
SADA
SAN SADURNIÑO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
SANXENXO
TUI
VIGO. CAIXANOVA
VILAGARCÍA DE AROUSA
VIVEIRO



XUNTA
DE GALICIA

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais



XACOBEO 2010
Galicia